Día Internacional da Muller (8M)	08/03/24	Todo o colexio	Todo o profesorado
Día Mundial dos Dereitos do Consumidor	15/03/24	Todo o colexio	Todo o profesorado
Día das Artes Galegas	01/04/24	Todo o colexio	Todo o profesorado
Día Mundial da saúde	07/04/24	Todo o colexio	Todo o profesorado
Semana do Libro	Do 15/04/24 ao 20/04/24	Todo o colexio	O Equipo de Biblioteca. Todo o profesorado.
Os Maios	1/05/24	Todo o colexio	Todo o profesorado
Día Internacional contra o acoso escolar	2/05/2024	Todo o colexio	DO e todo o profesorado.
Día de Europa	09/05/24	Todo o colexio	O EDLG. Equipo de Biblioteca. Profesorado que imparte Ciencias Sociais
As Letras Galegas	Semana do 13/05/24ao	Todo o colexio	Os profesores/as que imparten lingua galega e



	17/05/24		música.
Día Mundial do Ambiente	05/06/24	Todo o colexio	Os profesores que imparten Ciencias da Natureza

ACTIVIDADES

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Coñecemos a nosa contorna: Praia Illa do Santo/ Monte Castelo/ Casa da cultura de Ardán/...	1º, 2º e 3º trimestre	Todo o colexio	Titores e especialistas
Visita de contacontos	1º, 2º e 3º trimestre	Todo o colexio	O EDLG. Equipo de Biblioteca
Visita escritora ou escritor	2º ou 3º trimestre	Todo o colexio	O EDLG. Equipo de Biblioteca
Coñecer e probar froitos de outono	1º trimestre	Todo o colexio	O EDLG. Todo o profesorado
Ciencia na escola	1º trimestre	Todo o colexio	Todo o profesorado
Xornada Multideporte	2º trimestre	2º,3º,4º,5º e 6º	Profesor EF
Charla policía	Novembro	5º e 6º	Titor
Outras charlas de interese	1º, 2º e 3º trimestre	Todo o colexio	Todo o Profesorado
Saídas Abanca	1º, 2º e 3º trimestre	Todo o colexio	Titores e mestra de Ed. Musical
Plantamos árbores na nosa contorna	3º trimestre	Todo o colexio e as familias	Todo o profesorado.
Xornadas do cómic e banda deseñada	1º trimestre	Todo o colexio	Todo o Profesorado
Participación no Plan de Consumo de leite e froitas frescas	2º e 3º trimestre	Todo o colexio	Equipo Directivo e participa todo o profesorado.
Visitamos outros lugares	1º, 2º e 3º trimestre	Todo o colexio	O EDLG. Todo o profesorado.



Horta ecolóxica na escola	1º, 2º e 3º trimestre	Todo o colexio	Os profesores/as que imparten ciencias da natureza. EDLG
Invernadoiro	1º, 2º e 3º trimestre	Todo o colexio	Os profesores/as que imparten ciencias da natureza. EDLG
Exposición humorística no centro dos traballos do alumnado	2º e 3º trimestre	Todo o colexio	Titores. EDLG
Visita ao colexio de Seixo "Xuntanzas entre centros"	Xuño 2024	5º e 6º EP	Titora e Equipo Directivo
Visita ao IES Chan do Monte e o Illa de Ons	Xuño 2024	6º EP	Titora e Orientadora

12. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Continúa a estar vixente para o curso escolar 2023/2024 o Plan de Autoprotección deste Centro.

Como coordinadoras do plan de evacuación da planta alta, a mestra Adoración Santos González e da Planta baixa: Eva Graña Mendiña.

Na semana do **23/10/2023 ao 27/10/2023** realizarase un **simulacro** con todo o alumnado e o profesorado do Centro para ver os tempos e actuacións do profesorado.

13. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

PERSOAL DE LIMPEZA

No centro contamos cunha persoa, contratada polo Concello de Marín, facendo as funcións de:

- ✓ Apertura de **8:30 ás 9:00** horas.
- ✓ A limpeza do centro. Horario de **15:30 a 19:00** horas.

**AUXILIAR DE CONVERSA**

Neste curso volvemos contar coa auxiliar de conversa contratado pola Xunta. É compartido co CEIP do Carballal, cun total de **8 horas semanais** en cada centro.

O seu horario no noso centro é de:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
CEIP CARBALLAL	9:00-9:50 INGLÉS INFANTIL	CEIP CARBALLAL	9:00-9:50 INGLÉS 5º E 6º EP
	9:50-10:40 COORDINACIÓN AUXILIAR		9:50-10:40 INGLÉS 3º E 4º EP
	10:40 -11:30 PLÁSTICA 5º E 6º EP.		10:40 -11:30 INGLÉS 1º e 2º EP
R	E	CR	E
	12:00-13:10 PLÁSTICA 3º e 4º EP		
	13:10-14:00 PLÁSTICA 1º E 2º EP		

14. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

-O horario de atención ao público **durante o curso escolar** é de luns a venres lectivos,
Programación Xeral Anual [Páxina 40 de 119](#) CEIP ARDÁN



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP DE ARDÁN
www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/

Casás - Ardán s/nº
Tel. 886 151 331/886 151 332
Fax 886 151 333
ceip.ardan@edu.xunta.gal

de 9:00 a 14:00 horas e os martes de 16:00 a 19:00 horas.

-O horario de atención ao público **no mes de xullo** será de 10:00 a 13:00 horas.

-Durante os períodos de **vacacións, a atención será telefónica**, para os casos de urxencia:

- **Nadal:** desde o día 21 de decembro de 2023 ao 8 de xaneiro de 2024 ambos inclusive.
- **Entroido:** do 10 ao 14 de febreiro de 2024, ambos inclusive.
- **Semana Santa:** desde o día 23 ata o 1 e abril de 2024, ambos inclusive.
- **Verán:** mes de agosto.

15. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

- Accións levadas a cabo nas titorías.

A organización das relacións da comunidade coas familias queda recollido nos seguintes aspectos.

REUNIÓN DE INICIO DE CURSO:

Esta medida é para todas as familias, a finais do mes de setembro e parte do mes de outubro faise as reunións xerais das familias coas persoas titoras dos seus fillos e fillas onde tamén se presenta aos especialistas que imparten clase nesa aula. Aproveitamos tamén para lembrar os aspectos máis importantes, as normas básicas para ter unha boa relación, entradas, saídas, xustificación de faltas, normas xerais a ter en conta, libros de texto, material escolar...

Este curso debido a situación coa pandemia respectarase as medidas de seguridade do centro e só debe acudir un membro da familia sen a nena ou neno. Intentarase que sexa de maneira presencial preferentemente, ou vía telefónica. As datas das reunións son as seguintes:

- Martes 26 de setembro de 17 horas ás 18 horas: Infantil

Programación Xeral Anual [Páxina 41 de 119](#) CEIP ARDÁN



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP DE ARDÁN
www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/

Casás - Ardán s/nº
Tel. 886 151 331/886 151 332
Fax 886 151 333
ceip.ardan@edu.xunta.gal

- Martes 19 de setembro de 17 horas ás 18 horas: 1º e 2º de EP
- Martes 3 de outubro de 17 horas ás 18 horas: 3º e 4º de EP
- Martes 3 de outubro de 17 horas ás 18 horas: 5º e 6º de EP

REUNIÓN PERIÓDICAS TITORES OU ESPECIALISTAS COAS FAMILIAS AO LONGO DO CURSO

As titorías levaranse a cabo os **martes de 17h a 18h**, como de costume, e con cita previa empregando as canles habituais: a través de Abalar, da axenda do alumnado, chamada telefónica.

OUTRAS CANLES

A través do Portal Educativo do colexio de Ardán e das redes sociais (Facebook e Instagram), onde as familias poden visualizar algunhas das actividades das súas fillas e fillos.

- Escolas de nais e pais.

As escolas de nais e pais, como recurso e espazo facilitador da participación das familias, representan unha oportunidade para a mellora da calidade na relación familias-escolas, que constitúe un pilar fundamental para calquera sistema educativo que aspire á calidade e que sexa inclusivo e de excelencia. En consecuencia, no deseño das liñas estratéxicas do sistema educativo en Galicia tense en conta a perspectiva da participación das familias.

Neste curso propoñerase unha charla- obradoiro por trimestre que sexan de interese para as familias. No curso pasado, non puidemos realizalas debido a situación da pandemia, así que aproveitaremos algunhas das propostas:

Actividade/programa: Humor rural						
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input checked="" type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>			
Responsables	CFR					



Participantes	Famílias e profesorado					
Actividade/programa: Navegación segura en internet						
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Traballo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input checked="" type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>			
Responsables	CFR					
Participantes	Famílias e profesorado					
Actividade/programa: Orientación en familia						
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Traballo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input checked="" type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>			
Responsables	CFR					
Participantes	Famílias e profesorado					

- ANPA

É importante dispor dun ANPA coa que se teña unha relación fluída e que participe co profesorado de xeito conxunto para que todos poidamos incidir sobre a educación dos nenos e nenas.

En concreto a nosa ANPA é dinámica e colabora en todo o que se solicita. A principio de curso tamén fai unha reunión informativa para dar a benvinda ás novas familias, informar do funcionamento, facer os pagos das taxas dos afiliados, do seguro, decisión das actividades que ofertan, pedido de roupa co nome do centro ...

A. PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Alumnado de 4º de educación infantil

1. XUSTIFICACIÓN.

O período de adaptación é o tempo que transcorre dende que o neno ou nena chega por primeira vez ao centro e ata que se desenvolve con normalidade dentro dela.

Dende o punto de vista pedagóxico, adquire gran importancia a separación do fogar que o neno vai vivir ao incorporarse á escola, polo que consideramos fundamental este período de adaptación, xa que a súa actitude ante a escola, ante as relacións sociais,



ante as aprendizaxes ao longo de toda a escolarización, vai depender de como asimile este proceso, positiva ou negativamente.

Aquí a necesidade de organizar un axeitado período de adaptación para que a entrada no centro por primeira vez sexa o menos traumática posible, xa que en algúns casos é a primeira separación que se produce entre os pequenos e a familia.

É moi necesaria a colaboración dos pais, xa que a adaptación do seu fillo ven determinada, en gran medida, porque asuman a separación; os seus temores, expectativas, a súa ansiedade, seguridade ou inseguridade, e o seu grado de confianza nas posibilidades dos nenos e nas garantías do centro, xa que todos pos seus temores poden ser transmitidos a través de diversas manifestacións e a súa vez captados polos alumnos. Coma eles, a escola supón unha oportunidade para crecer e madurar, para afirmarse na súa propia identidade e iniciar, deste xeito, o coñecemento e a adaptación ao mundo exterior.

Os nenos teñen asimilar os cambios que supón esta nova actividade na súa vida cotiá e polo tanto é normal que se presente coma un proceso irregular onde podemos observar avances, retrocesos e sentimentos contraditorios de aceptación e rexeitamento. Igualmente poden aparecer regresións e síntomas diversos.

Para que este proceso se leve a cabo de maneira axeitada é importante manter unha actitude aberta e receptiva, atendendo aos distintos ritmos das/os nena/os.

2. OBXECTIVOS

Obxectivos xerais:

O principal obxectivo neste período de adaptación é facilitar adaptación dos nenos e nenas ao centro, establecendo vínculos afectivos entre eles e coa súa mestra ou mestre.

Obxectivos específicos:

- Coñecer algúns espazos do centro, tanto interiores como exteriores (aula, aseos, biblioteca, ...)

Coñecer o nome da profesora e dos compañeiros.

Recoñecerse parte integrante dun grupo básico.



Adquirir progresivamente certas rutinas.

Familiarizarse con materiais e actividades cotiás.

Desenvolverse cada vez de forma máis autónoma na aula e no centro.

3. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Alumnos e alumnas de novo ingreso

MOMENTO DA MATRICULACIÓN

No momento da solicitude de admisión (mes de marzo), como no da matriculación (mes de xuño), facilitaráselles ás familias a información que precisen para elo (documentación a entregar, como cubrir os anexos...) e información xenérica sobre o centro, funcionamento, profesorado... para diminuír a ansiedade que pode provocar neles este trámite e preguntaráselles polas posibles dificultades dos seus fillos e fillas, co fin de poder xestionar a mellor atención durante o período escolar.

Así mesmo, tamén se concreta unha *entrevista inicial* para principios de setembro.

EN SETEMBRO

1. ALUMNOS DE de EI: Período de Adaptación

Dende O día 1 de setembro e antes do inicio do período lectivo, a titora mantén a *entrevista inicial* coa persoa ou persoas que mellor coñecen ao alumno, co fin de recoller a maior información posible (cuestionario cos datos persoais do alumno, datos evolutivos sobre o embarazo, parto, psicomotrices, lingüísticos, de saúde actual, as características do neno ou nena, datos familiares relevantes: profesión, idade, relacións, ambiente xeral, inventario de hábitos e habilidades de autonomía, se estivo escolarizado previamente ou non e observacións).

Os alumnos e alumnas de tres anos comezarán o período escolar en pequenos grupos, procurando que sexan o máis próximos posible (por exemplo: si xa foron compañeiros na gardería, si son familiares, veciños...); que se incorporarán paulatinamente, ampliando o tempo de permanencia no centro en función das súas Programación Xeral Anual [Páxina 45 de 119](#) [CEIP ARDÁN](#)



peculiaridades. Procurando que este período teña a duración mínima posible e que permita acadar os obxectivos propostos e en todo caso, non se poderá prolongar máis do 16 de setembro, tal e como se recolle na orde que regula o calendario escolar nos centros docentes para o presente curso.

Teranse en conta os casos especiais, como pode ser o alumnado que precise máis tempo para adaptarse, ben sexa porque non controlen esfínteres, por minusvalías de calquera tipo ou ben outros casos xustificados (problemas de socialización, causas familiares graves que poidan afectarlles...)

Planificaranse os primeiros días de permanencia nas aulas con actividades motivadoras que faciliten a aceptación por parte dos nenos da súa incorporación á escola.

Resto do alumnado

1.- TEMPORALIZACIÓN

O período establecerase durante a primeira semana do curso. O primeiro día os nenos e nenas permanecerán co titor/a e nos días sucesivos irán incorporándose os especialistas segundo o horario establecido.

2.- OBXECTIVOS:

Facilitar ao alumnado a incorporación ao novo curso/aula/centro.

Favorecer o sentimento de seguridade na súa nova situación escolar.

Diminuír a tensión dos primeiros días de escola.

Permitir ao profesorado dar os primeiros pasos na avaliación inicial do alumnado (tendo en conta os informes do curso anterior)

Facer participar ao alumnado das normas do centro para previr problemas de conduta.

Consensuar co alumnado as normas que van ter na súa aula.

3.- ELEMENTOS DO PLAN DE ACOLLIDA



- 3.1 Entrada
- 3.2 Presentación do alumnado e profesorado
- 3.3 O edificio escolar
- 3.4 Posibles actividades
- 3.5 Normas do centro
- 3.6 O horario

B. PLAN DE ACOLLIDA AO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO.

En especial referencia aos alumnos/as procedentes do estranxeiro e que descoñecen o idioma:

- Indicar cos nomes en galego, castelán e no idioma dos cativos os espazos comúns do centro.
- Asignar a cada alumno/a un compañeiro titor que o guíe nas distintas actividades do centro.
- Integrar aos novos rapaces/zas nas actividades extraescolares que se fagan no centro.
- Recibir ás familias e procurar un intérprete para ensinalles as instalacións do centro.
- Presentar aos rapaces/zas os seus compañeiros/as e explicarlles a súa procedencia e as características culturais do seu país.

As demais actividades de integración destes nenos/as iranse facendo a medida que transcorra o curso e se vexa necesario complementalas con algunhas novas.

PASO DE E. INFANTIL A E. PRIMARIA

Para facilitar a incorporación do alumnado de E. Infantil a E. Primaria, faranse

as seguintes actividades:

ANTES DE REMATAR O CURSO

1. No mes de xuño, levar aos nenos e nenas de 5 anos de E. Infantil as clases de E.

Primaria para mostrarlles a *aula de primeiro* e as demais dependencias do centro.

2. Presentar ao alumnado, dentro da medida das posibilidades, aqueles profesores/as que lles van impartir clase o ano seguinte.



3. Antes do remate do curso, levarase a cabo unha sesión de **coordinación** entre o profesorado de E. Infantil de 5 anos e os titores de 1º de E. Primaria para facilitarlles información que permita o coñecemento tanto do grupo como de cada un dos alumnos que o forman.

4. Faráselles tamén *unha proba* por parte da *orientadora* para coñecer as aptitudes e capacidades dos alumnos para afrontar o cambio de etapa.

C. PLAN DE ACOLLIDA AOS PAIS/NAIS

1. ACTIVIDADES realizadas para informar aos pais e nais que pretendan matricular aos seus fillos e fillas no centro:

PERÍODO DE PREINSCRIPCIÓN, no período de solicitude de admisión, nos últimos tres cursos estívose a levar a cabo unha xornada de “portas abertas”, para ensinarlle as instalacións e ver un vídeo de presentación do centro.

En xuño cando formalizan a matrícula, infórmaselles de que a principio de curso, terán unha entrevista co titor.

A PRIMEIRA REUNIÓN DE PRINCIPIO DE CURSO

- Faríase en 3 anos antes de comezar as clases, e no resto por titorías no mes de outubro.
- Puntos a tratar:

1. Presentación do profesorado

2. Normas do centro

-RRI: puntualidade, normas de convivencia, medidas disciplinarias...

-Normas da aula.

3. Información xeral dos obxectivos do curso.

4. Información do centro



_ *Departamento de Orientación*: información da súa existencia, o seu labor e forma de acceder ó departamento en caso de necesidade.

-*Control das faltas de asistencia*. Xustificación das mesmas.

-*Horario de titoría*, forma de pedir as entrevistas co titor ou con calquera dos profesores especialistas.

5. Colaboración dos pais/nais

-Hábitos alimenticios.

-Normas de hixiene.

-Hábitos de estudo: axuda familiar na casa.

6. Recomendacións:

- Colaboración co profesorado

- Necesidade de comunicación ante problemas que xurdan.

7. Recollida de información para as titorías

-Cuestionario de recollida de datos para E. Infantil

8. Informes varios: Todo o que xurda ao principio de curso e vexamos

a necesidade de comunicarllo ás familias.

Relacións coas familias

- Aparte das medidas aparecidas no plan de acollida, informarase ás familias da dispoñibilidade de ter unha hora á semana para falar co titor/a do alumno/a.
- Se fose necesario, haberá unha reunión previa do profesorado para por en común as necesidades atopadas polos especialistas.



D) PLAN DE ACOLLIDA AO NOVO PROFESORADO

Que é o Plan de Acollida?

Enténdese como Plan de Acollida ao conxunto de actuacións, principios que o sustentan, obxectivos a conseguir e procedementos que o centro pon en marcha para facilitar a adaptación do novo profesorado, que se incorpora ao centro, tanto de maneira ordinaria ao inicio de curso, como tardiamente ao longo do mesmo.

Obxectivos e Principios do Plan

Obxectivos: Consegue que o novo profesorado que se incorpora, independentemente da súa procedencia, comprenda o funcionamento do noso centro, cunha adecuada incorporación ao sistema educativo e social que minimize as dificultades de adaptación ao propio centro. Consegue que o novo profesorado que se incorpora coñeza, previamente ao inicio das actividades docentes, a organización e funcionamento do noso centro, así como as características do alumnado con necesidades educativas específicas ao que lle pode impartir clase, reducindo con iso as dificultades de adaptación ao centro e redundando nunha maior calidade educativa da acción docente.

Principios:

- Desenvolver un sistema eficaz de comunicación e participación que permita ao profesorado, especialmente o de nova incorporación (desde el comezo do curso ou durante o seu transcurso).
- Potenciar a súa actividade docente nas mellores condicións, contribuíndo axeración dun clima agradable de traballo e convivencia.

Ámbitos de intervención do Plan:



Profesorado de nova incorporación ao comezo de curso.

- Recibe a directora do Centro e ensínalle as instalacións do Centro.
- Entrega da Axenda do Profesorado do CEIP de Ardán do curso 2023-2024 (curso escolar horario do profesorado, gardas recreos e de transporte, gardas das tardes, planificación do curso, teléfonos profesorado...).
- Na Reunión inicial a directora explica sobre a organización y funcionamento do centro.
- Convocatoria ao Claustro de inicio do curso.
- Tamén se informa sobre os proxectos e programas nos que participa o colexio e da utilización das TIC , do portal educativos e outros canles de comunicación, así coma do seu funcionamento.

Profesorado de nova incorporación durante o curso escolar.

- Recibe a directora do Centro e ensínalle as instalacións do Centro.
- Entrega da Axenda do Profesorado do CEIP de Ardán do curso 2023-2024 (curso escolar horario do profesorado, gardas recreos e de transporte, gardas das tardes, planificación do curso, teléfonos profesorado...).
- Na Reunión inicial a directora explica sobre a organización e funcionamento do centro.
- Tamén se informa sobre os proxectos e programas nos que participa o colexio e da utilización das TIC , do portal educativo e outros canles de comunicación, así coma do seu funcionamento.

Avaliación do Plan de Acollida



A realizaremos desde a tripla perspectiva de que, cando e como avaliar. Así mesmo os criterios de avaliación nos distintos ámbitos de intervención basicamente serán dos: grao de adaptación y grao de satisfacción do profesorado acollido.

Ámbitos de avaliación (Que avaliar?)

- Grao de adaptación ao centro
- Coñecemento e valoración das normas de funcionamento do centro.
- Coñecemento e valoración da organización e das instalacións do centro.
- Valoración do ambiente de traballo e da integración entre o profesorado.

Grao de satisfacción sobre as actividades de acollida

- Información recibida.
- Atención e implicación por parte do centro.
- Organización e explicación dos proxectos e as actividades.
- Propostas de mellora.

O propio plan

Neste ámbito debe valorarse o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no plan.

Debe revisarse a adecuación dos procedementos, instrumentos e recursos utilizados para a consecución dos obxectivos propostos e a adecuación do proceso de información á comunidade educativa do plan de acollida do centro.

16. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

Ruta	Nº de alumnos	Itinerario/Paradas
------	---------------	--------------------



	transportados	
Ruta 99PO0208.0 Servizo integrado UTE transportes La UNIÓN SA Autobuses de Pontevedra SA Autos Arcade SL La Hispano Igualdina	14 alumnas/os	<ul style="list-style-type: none">• Moledo• Pazo• Vilaseca

17. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

- Responsable

O réxime de funcionamento será de xestión indirecta tipo “e) “ segundo o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, a cargo da ANPA, polas seguintes razóns:

- No centro non hai dependencias para elaborar os menús polo persoal laboral da Xunta.

- A ANPA, como entidade privada sen ánimo de lucro, è a responsable da contratación e xestión integral do servizo, autorizada pola Consellería de Cultura, Educación e OUA.

Por iso a **ANPA** do centro **comprométese a asumir a xestión e o financiamento do comedor escolar e o o Consello Escolar** deste centro **comprométese a asumir a supervisión do funcionamento do comedor escolar do CEIP de Ardán.**

O comedor iniciase o **11 de setembro de 2023 con** horario de **14:00 a 16:00 horas.**

O número de comensais para os que se solicita o servizo e capacidade do local destinado a comedor, è para un total de 29 alumnos e alumnas.

A sala ten 48 m2 aproximadamente e está situado na 1ª planta do edificio (hai ascensor para acceder persoas con mobilidade reducida, se fose preciso)

- Tipo de xestión.

O **Catering** encargado de realizar o servizo è o **“Arume”**



Tódalas actividades que ofrecen se desenvolven no comedor escolar en referencia ós programas de “Promoción da saúde e habilidades persoais”, programa “Medrar forte e san” e “Programa de saúde bucodental” darán comezo o día de inicio do servizo de comedor e finalizarán o derradeiro día de dito servizo.

- Quendas e número de alumnos.

Instalación: Aula acondicionada para o comedor	
Entidade que presta o servizo	ANPA e o Catering Arume
Nº alumnos usuarios	El: 6
	EP: 14
Horario de uso	De 14:00 ás 16:00

Dentro deste programa inclúese:

- +Envío mensual dos menús ás familias coas suxestións para a merenda e cea.
- +Invitación ás familias para que poidan participar de xornadas c@s seus fill@s.
- +Servizo aberto a toda a Comunidade Escolar (nais, pais, irmáns...)
- +Reunións periódicas coas familias dos nenos con problemas de alimentación.
- +Enquisas @s alumn@s para coñecer o grado de satisfacción co servizo.

Ardán, 11 de outubro de 2022

Vº e Pr.

A PRESIDENTA DA ANPA

A SECRETARIA DA ANPA

Asdo. : Sheila Ruibal Cabaleiro

Asdo. : Sandra Agüete Vázquez

18. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP DE ARDÁN
www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/

Casás - Ardán s/nº
Tel. 886 151 331/886 151 332
Fax 886 151 333
ceip.ardan@edu.xunta.gal

Para a utilización das instalacións do Centro, tanto por parte de entidades alleas á comunidade escolar como por parte da única asociación de nais e de pais do alumnado, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores, se observará o disposto no Cap.III , aptdo. 9.1., 9.2 e 9.3 da Orde da Consellería de Educación e O.U. do 22 de xullo de 1997; sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes e responsabilizándose en todo caso dos gastos e estragos que se poidan ocasionar.

- Entidades que as usan.

Instalacións: Comedor			
Entidade que a usa	ANPA		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	De luns a venres de 14:00 ás 16:00		
Instalacións: Aula de EF			
Entidade que a usa			
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso			
Instalacións: Biblioteca			
Entidade que a usa			
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso			
Instalacións: Aula de Infantil			
Entidade que a usa			
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso			
Instalacións: Aula de Música			
Entidade que a usa	ANPA		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	De luns a venres de 14:00 ás 16:00		
Instalacións: Aula de Plástica			
Entidade que a usa	ANPA		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	De luns a venres de 14:00 ás 16:00		



19. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

- Actividades propostas.

LUNS	MARTES	XOVES	VENRES
Patinaxe	Teatro	Taekwondo	Guitarra
Cociña			Pinta e crea

Ademais das anteriormente citadas, cabe destacar:

A) Desenvolvemento doutras actividades co alumnado:

- Colaboración nas actividades do Magosto.
- Colaboración nas actividades do Samaín.
- Colaboración nas actividades do Nadal. Presentación do vídeo promocional do colexio.
- Colaboración nas actividades do Entroido.
- Colaboración nos dous períodos da “froita”(reparto gratuíto de froita).
- Colaboración na celebración dos “Maíos”.
- Colaboración na semana das “Letras Galegas”.
-
- Realización de fin de curso dunha festa con música, inchables.....
- Colaborar con profesores e alumnos no horto escolar.
- Recollida de pilas usadas con fin de fomentar o coidado do medio ambiente.
- Recollida de tapóns de plástico con fins solidarios.
- Decorar o patio do colexio
- Participar nas actividades de Magosto, Nadal e Entroido.

Non hai data fixada para a realización de ditas actividades. Podendo ser modificadas, anuladas ou tamén poderán cambiarse ou engadirse outras ao longo do curso.



Ardán, 11 de outubro de 2022

Vº e Pr.

A PRESIDENTA DA ANPA

A SECRETARIA DA ANPA

Asdo. : Sheila Ruibal Cabaleiro

Asdo. : Sandra Agüete Vázquez

20. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Neste curso a materia de libre elección que impartirase en 4º e 6º de EP son “Afondamentos de linguas” que van incluídas dentro da materia de lingua galega e castelá.

A xustificación de introducir esta proposta baséase na importancia actual da **Competencia Lingüística** na nosa realidade, posto que nunca foi tan necesario ler de forma crítica e comprensiva en tantas linguas, soportes e formatos diferentes (papel, formatos electrónicos dende diferentes dispositivos, ...), escribir, redactar de forma orixinal e creativa, e en definitiva expresarnos (de forma oral, xestual, corporal, escrita ...) e comprender aos demais.

O desenvolvemento curricular da mesma levarano a cabo os titores de 4º e 6º respectivamente coas achegas do Departamento de Orientación e CCP.

Esta materia de libre configuración pretende, o tratamento ao longo dun curso escolar, dos contidos que constitúen a Competencia Lingüística, tanto en lingua castelá como en lingua galega, o que implica un complexo grupo de destrezas, coñecementos e actitudes imprescindibles para desenvolvernos na nosa sociedade.

O desenvolvemento curricular desta materia recolle criterios e estándares de avaliación que responden a varias competencias clave do actual currículo. A



competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital, a competencia de aprender a aprender e o sentido de iniciativa e espírito emprendedor son as más beneficiadas. Pero tamén axuda a desenvolver as competencias sociais e cívicas, e a de conciencia e expresións culturais. De todos os modos, un tratamento interdisciplinar destes contidos, tal e como se propón, beneficiará a adquisición de todas e as competencias clave.

Os **obxectivos básicos** que pretendemos **son**: falar, escoitar ler e escribir **para comunicarnos, comprender a realidade, construír coñecementos e regular as nosas condutas e emocións.**

21. PLAN ANUAL DE LECTURA

Continúa a estar vixente para o curso escolar 2023/2024 o Proxecto Lector deste Centro. Con el pretendemos sensibilizar ao alumnado e a sociedade en xeral, da importancia de contar cuns niveis de lectura comprensiva e de apego á mesma, independentemente do formato, soporte ou contido, como **ferramenta de construción social e persoal.**

Concrecións do plan anual de lectura tendo como referente o proxecto lector.

Este curso **o noso colexio segue a** formar parte dos **centros incluídos no Plambe** o cal desenvolveremos ao longo de todo o curso.

A lectura colectiva, en voz alta e ao final da lectura comentaranse os capítulos/páxinas lidos. Unha vez rematado o libro, poderanse facer:

- Ilustracións
- Murais
- Traballo resumo.
- Exposición dos traballos nos corredores, entrada do centro, biblioteca ...
- Dramatizacións sinxelas.



-Ejercicios de vocabulario e ortografía: letras desordenadas, invención de palabras, reconstrución de textos ...

Para levala a cabo, no centro dispoñemos de libros adaptados ás idades dos alumnos e alumnas. Os profesores, segundo as suxestións do alumnado, elixirán os títulos máis apropiados e motivadores.

Así mesmo, anualmente, ampliaremos os fondos bibliográficos segundo as instrucións do 1 de setembro da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e funcionamento das Bibliotecas Escolares, un 10% do orzamento do centro será para o mantemento da biblioteca.

Os libros levaranse para casa para que o alumnado faga lectura individual e silenciosa e lea os capítulos sinalados polo profesor. En Educación Infantil levan todos os venres, un libro para ler a fin de semana coa súa familia. Entre a última semana de setembro a primeira de outubro comezaremos coas “mochilas viaxeiras” que participará todo o alumnado do colexio.

Tamén fomentaremos que o alumnado faga uso dos libros da biblioteca do centro e de aula, unha vez que rematen as tarefas escolares.

A **biblioteca** facilitará o tratamento transversal e interdisciplinar dos contidos e competencias.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Entrega da Axenda Escolar sobre o Proxecto da biblioteca Illa de Borli.	1º trimestre	Primaria	Equipo Biblioteca e EDLG
Pasatempos Borli para realizar no inicio do curso.	1º trimestre	Infantil e Primaria	Equipo Biblioteca e EDLG
Coñecemos outros espazos de lectura: visitamos unha biblioteca.	1º ou 2º trimestre	Infantil e Primaria	Titores dos cursos e Equipo de Biblioteca.
Visitamos e participamos no Salón do libro de Pontevedra.	2º trimestre	Primaria	Titores dos cursos e Equipo de Biblioteca.



Agasallamos cun libro.	1º, 2º e 3º trimestre	Infantil e Primaria	Equipo da Biblioteca.
Colaborar nas actividades de carácter global e interdisciplinar (Letras Galegas, Nadal,..).	Durante todo o curso	Infantil e Primaria	Equipo de Biblioteca
Elaboración de marcapáxinas	2º e 3º trimestre	Infantil e Primaria	Equipo de Biblioteca
Participar no Proxecto Anual “ O sexto sentido: o humor”	Todo o curso	Infantil e Primaria	Toda a Comunidade educativa
Expositor de libros cunha temática en común	Durante todo o curso	Infantil e Primaria	Equipo de Biblioteca
Actividades de carácter global e interdisciplinar (Letras Galegas, Nadal,...)	Durante todo o curso	Infantil e Primaria	Toda a Comunidade Educativa.
Adquirir as “maletas viaxeras” que ofrece o CFR de Pontevedra.	Unha para cada trimestre.	Infantil e Primaria	Equipo de Biblioteca
Levar as “mochilas viaxeras” ás casas.	Durante todo o curso	Infantil e Primaria	Equipo de Biblioteca
Facer máis visible e accesible a Biblioteca colocando os carteis e materiais que envía a Asesoría de Bibliotecas e os que elaboramos nós con pictogramas .	Durante todo o curso	Todos os cursos	Equipo de Biblioteca
Usar o panel informativo , preto da porta da biblioteca, alí se colocará referencias de autores e títulos a través da sección “EU RECOMENDO”.	Durante todo o curso	Todos os cursos	Equipo de Biblioteca
Utilizar o carne para os usuarios da biblioteca.	Durante todo o curso	Todos os cursos	Equipo de Biblioteca
As mensaxes de Borli as nenas e nenos de Ardán.	Durante todo o curso	Todos os cursos	Equipo de Biblioteca



Participar no Club de lectura Illa de Borli	1º, 2º e 3º trimestre	Todo o alumnado	Equipo de Biblioteca
Lecturas na nosa contorna	Durante todo o curso	Primaria	Equipo de Biblioteca
EnCantame , Realizar momentos de desfrute de ler co acompañamento dun can	3º trimestre	Alumnado con neae	Equipo de Biblioteca
Aparece Borli nas distintas conmemoracións que realicemos no colexio.	Durante todo o curso	Todos os cursos	Equipo de Biblioteca

22. PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL

- Constitución do equipo:

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Silvia Fernández Kraemer	1	EI e EP/ Música
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
María José Outeiral Rey		4º,5º e 6º EI
Adoración Santos González		EI e EP/ Inglés
Carlos Prieto Lage		EP
María Carballeira Seoane		EP
Laura Vidal Paz		PT
Eva Graña Menduiña		AL

Horario:

Horarios funcionamento biblioteca



Horario de apertura con atención do equipo de biblioteca en horario lectivo	Mércores e venres de 11:30 ás 12:00
Horario de apertura en horario non lectivo.	Luns, mércores e xoves de 16:00 ás 18:00 horas
Horario para a coordinación de biblioteca.	Martes de 18:00 ás 19:00 horas

Orzamento asignado á biblioteca.

O orzamento asignado á Biblioteca está en máis dun **15%** do orzamento de funcionamento anual do colexio.

Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo: Propostas de libros para ler e chegar finalmente á escritura dos tipos de textos que se inclúen no proxecto lector de centro (informativos, prescritivos e literarios).			
Acción 1	Guías de lectura, Borli recomenda		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Necesidade de informar ás familias.		
Responsables	Equipo de Biblioteca e o EDLG		
Recursos e materiais	Trípticos ou dípticos coas recomendacións.		
Acción 2	Expositor de libros cunha temática en común		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Facilitar a lectura de libros		
Responsables	Equipo de Biblioteca e o EDLG		
Recursos e materiais	Libros en galego, castelán e inglés.		
Acción 3	Renovación de bibliotecas de aula de forma trimestral.		
	Temporalización		



	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Facilitar a lectura de libros		
Responsables	Equipo de Biblioteca e o EDLG		
Recursos e materiais	Libros en galego, castelán e inglés.		
Obxectivo: Uso do alumnado das catro destrezas da linguaxe (escoitar, falar, ler e escribir) para construír o pensamento, expresar e interpretar ideas, sentimento e feitos de forma apropiada e en distintos contextos sociais e culturais, así como para regular a conduta tanto na lingua propia como no resto das linguas que se empregan na aprendizaxe.			
Acción 1	Sesión de contacontos e charlas (escritores e ilustradores)		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Animación á lectura		
Responsables	Equipo de Biblioteca e o EDLG		
Recursos e materiais	Proxector, portátil, cartolinas, rotuladores,...		
Acción 2	Eu conto ti contas		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Desenvolver a dramatización e a lectura		
Responsables	Toda a Comunidade Educativa		
Recursos e materiais	Contos, cartolinas, fotocopias, proxector, portátil,...		
Obxectivo: Facilitar desde a Biblioteca información, documentación, lecturas e pequenos proxectos para desenvolver as competencias.			
Acción 1	Desenvolver o Plambe “ O sexto sentido_ o humor” que foi aprobado para o curso 2023-2024.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Actualizar e adaptar a biblioteca		
Responsables	Equipo de Biblioteca		
Recursos e materiais	Presentar proxecto e solicitude do mesmo.		



Acción 2	Maletas viaxeiras		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Ampliar información ou lecturas para os proxectos de Centro.		
Responsables	Equipo da biblioteca e CFR		
Recursos e materiais	Libros, revistas, cómics, DVD,...		
Obxectivo:	Percorrido lector desde infantil ata 6º de primaria.		
Acción 1	Encontros con escritores/as, ilustradores/as e persoas alleas ao centro relacionadas coa temática do proxecto.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Animación á lectura en todas as idades		
Responsables	Equipo de biblioteca, EDLG		
Recursos e materiais	Proxector, portátil, cartolinas, rotuladores,...		
Acción 2	Selección e organización das quendas dos axudantes entre o alumnado voluntario dos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de EP.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Animación á lectura en todas as idades		
Responsables	Equipo de biblioteca, EDLG		
Recursos e materiais	Proxector, portátil, cartolinas, rotuladores,...		
Obxectivo:	Manexo da C.D.U. e busca de datos e información concreta: características dos textos a traballar, claves textuais, paratextuais e estrutura dos textos.		
Acción 1	PFPP "O SEXTO SENTIDO O HUMOR"		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Potenciar as TIC na biblioteca		



Responsables	Equipo de Biblioteca, Equipo TIC		
Recursos e materiais	Ordenadores, portátiles,...		
Acción 2	Presentar a solicitude para bibliotecas solidarias		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aprobarse a solicitude		
Responsables	Equipo de Biblioteca		
Recursos e materiais	Facer a solicitude.		

1. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES

Determinación dos criterios establecido para o envío de tarefas ao alumnado.

Reforzar o aprendido

En primeiro lugar serven para reforzar e afianzar o que xa aprenderon na escola.

2. Aplicación práctica

Así os contidos e habilidades adquiridos xeneralízanse y fanse máis funcionais e significativos.

3. Crear hábito de estudo

Axuda a conformar un hábito de traballo e de estudo, de maneira que sexa unha actividade máis dentro da rutina da tarde. Dispor dun hábito de estudio e de traballo será indispensable para afrontar as distintas etapas do sistema educativo.

Criterios empregados para o envío nas diferentes materias.

1.É unha actividade máis

Ocupa un espazo no seu horario, pero debe ser compatible con outras actividades. Trátase por tanto de dedicarlle un tempo a diario, dependendo da idade.

2. Deben sabela facer por si solos

Teñen como obxectivo reforzar o que xa aprenderon. Polo que, a meirande parte das tarefas extraescolares deben saber facer os menos/as por si solos, sen axuda do adulto.

**3. Controlar a cantidade da tarefa**

Poñerse de acordo o profesorado que imparte as clases nunha mesma aula para controlar e revisar a cantidade de tarefas que leva cada neno/a a súa casa.

4. As tarefas extraescolares poden ser diversas

Non teñen que ser exclusivamente exercicios dos libros de texto, fichas, tarefas do caderno,...Hai outro tipo como: buscar información, ver, preguntar, ler,... tamén son válidas, aínda que non se fagan por escrito.

Posibles modificacións que se poidan introducir para o presente curso da concreción curricular.

Non hai modificacións.

23. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL. ABALAR/EDIXGAL

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas reducción	Nivel/Especialidade
Carlos Prieto Lage	2	EI e EP/ EF e titor de 3º e 4º
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Juan Fernández Iglesias		EI e EP/ Relixión
María Carballeira Seoane		EP

Cursos e nº de alumnado participante

Curso	Nº grupos	Nº alumnos	Nº materias	Nº Profesores participantes	Faise uso do espazo E- Dixgal pola familias
5º EP	1	5	9	4	Si
6º EP	1	6	8	3	Si



Uso aula virtual Moodle. Especificar nº de materias e nº de profesorado que a usa.

Curso	Nº grupos	Nº alumnos	Nº materias	Nº Profesores participantes	Faise uso do espazo pola familias
1º EP	1	3	9	5	SI
2º EP	1	9	9	5	SI
3º EP	1	3	9	5	Si
4º EP	1	10	8	4	Si
5º EP	1	5	9	4	Si
6º EP	1	6	8	3	Si

Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo: Seguir dotando ao centro de recursos suficientes e equipos			
Acción 1	Dotar de pantalla táctil a aula de Inglés		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Necesidade de dito recurso na aula de Infantil		
Responsables	Dirección e Equipo das TIC.		
Recursos e materiais	Pantalla táctil.		
Acción 2	Solicitar Pantalla táctil para a aula de artes.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Os equipos cos que conta o Centro están moi obsoletos.		
Responsables	Coordinador e equipo directivo		
Recursos e materiais	Pantallas para as aulas.		
Acción 3	Fomentar o uso das tics na aula.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Inclusión diaria nas sesións		
Responsables	Coordinador e titores, profesorado		



Recursos e materiais	Aula de informática, encerado dixital, pc de aula		
Obxectivo: Lograr no alumnado e profesorado unha maior competencia dixital			
Acción 1	Buscar páxinas de interese naquelas materias que se estean traballando		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Acceso a internet, materiais dixitais		
Responsables	Tics, titores, especialistas		
Recursos e materiais	De aula e web		
Acción 2	Continuar co GT : Formación en robótica e plotter de 20 horas.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aprender ao profesorado que incide nos cursos as ferramentas e recursos que presenta.		
Responsables	Coordinador das TIC		
Recursos e materiais	Ordenadores, encerado dixital e páxinas de interese		
Acción 3	Manter actualizado o Facebook e Instagram do centro.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Manter informadas as familias.		
Responsables	Coordinador das Tic e dirección		
Recursos e materiais	Ordenadores, internet , profesorado		
Acción 4	Familiarizar ao profesorado co Google drive de centro para poder compartir os documentos comúns do centro.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Acceso a internet, materiais dixitais		
Responsables	Coordinador das TIC		
Recursos e materiais	De aula e web		

2. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

Actividades a desenvolver

Programación Xeral Anual [Páxina 68](#) de 119 **CEIP ARDÁN**



Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Programa de Froita na Escola	Febreiro e maio	Todo o Centro	Todo o profesorado
Programa de leite na Escola	Febreiro e maio	Todo o Centro	Todo o profesorado
Froitas de outono na escola	Novembro	Todo o Centro	Todo o profesorado
Horta Escolar	Todo o curso	Todo o colexio	Todo o profesorado que se queira implicar
Invernadoiro	Todo o curso	Todo o colexio	Recomendado ao profesorado de CN
Plantas aromáticas	Todo o curso	Todo o colexio	Recomendado ao profesorado de CN
Xerar compós	Todo o curso	Todo o colexio	Profesorado que se queira implicar
Saídas de sendeirismo á contorna	1º e 3º trimestre	Primaria	Profesor de Educación Física.
Hábitos sans na mesa (limpeza das mans antes de comer, limpeza de dentes despois de comer,...)	Todo o curso	Infantil e Primaria que van o comedor	Monitora do comedor e profesorado de ciencias da natureza.
Reciclamos na escola	Todo o curso	Todo o colexio	Todo o profesorado.

3. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

3.1. RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL

Nº alumnos escolarizados EI 3 anos	Lingua materna		
	L.G.	L.C.	AMBAS
5	1	4	0



Actividades e estratexias de aprendizaxe para acadar un dominio equivalente nas dúas linguas.

Para acadar unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais utilízanse actividades e estratexias tales como uso da lingua galega no momento da asemblea (rexistro do tempo atmosférico, calendario, cancións), nos Proxectos e Unidades Didácticas desenvolvidas na clase, así como na narración de contos. Para fomentar a lingua castelá o proxecto de lectoescritura do centro será desenvolvido nesta lingua, así como o proxecto de capacidades lóxico-matemáticas e a narración de contos.

3.2. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
María Carballeira Seoane	1	EP
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
M ^a José Outeiral Rey		4º, 5º e 6º de EI
Adoración Santos González		EI e EP/ Inglés
Eva Graña Mendiña		AL

3.3. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

Unha vez rematado o curso escolar, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) xunto co Equipo de Biblioteca do CEIP de Ardán **están moi satisfeito** polo traballo realizado, a pesar de que o curso pasado foi moi atípico e con grandes retos para que as aprendizaxes chegaran a todo o noso alumnado. E satisfeitas/os de que as propostas máis innovadoras foran feitas na nosa lingua galega. Os seguintes obxectivos foron acadados con resultado favorables:

- Contribuír á normalización e á dinamización lingüística da comunidade escolar, procurando acadar unha competencia semellante e efectiva nas dúas linguas



oficiais (galego, castelán), tentando implicar activamente no proceso a todos os sectores da comunidade escolar.

- Continuar coa recuperación e difusión das principais tradicións e festas etnográficas da nosa cultura popular (O Entroido, Os Maios, ...).
- Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación en galego, en espazos que favorezan asociacións positivas e permitan ampliar o emprego da nosa lingua nas creacións e nos diversos intercambios dixitais (Aplicación de mensaxería instantánea, redes sociais, páxina web, ...).
- Contribuír á normalización e á dinamización lingüística da comunidade escolar, procurando acadar unha competencia semellante e efectiva nas dúas linguas oficiais (galego, castelán), tentando implicar activamente no proceso a todos os sectores da comunidade escolar.

Para o vindeiro curso escolar seguiremos traballando nesta liña e volver presentar no Claustro de profesorado un proxecto de dinamización lingüística galega que nos anime a seguir traballando pola nosa lingua e nos axude a acadar unha maior dinamización da nosa lingua por parte de todos os membros da nosa comunidade educativa.

Coma **propostas de mellora:**

1. Aumentar os contidos no blogue específico do EDLG.
2. Procurar unha oferta de materiais de calidade en diferentes soportes.
3. Fala co noso alumnado en contextos formais e informais en galego, para que valoren a nosa identidade cultural e equiparen a nosa lingua con calquera outra.
4. Seguir a coordinación paralela co Equipo de Biblioteca e das TIC.

3.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Obxectivo: Contribuír á normalización e á dinamización lingüística da comunidade escolar, procurando acadar unha competencia semellante e efectiva nas dúas linguas oficiais (galego, castelán), tentando implicar activamente no proceso a todos os sectores da comunidade escolar.



Acción 1	Dende o Equipo de Dinamización, xunto co Equipo de ed. Infantil, e o Equipo de Dinamización da Biblioteca, propónse facer un tema de interese común anual para todo o centro coa temática “O sexto sentido O Humor” .		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Implicar todo o alumnado e profesorado		
Responsables	EDLG, Equipo de Dinamización da Biblioteca e titores dos distintos cursos		
Recursos e materiais	Murais, contos, material funxible, ...		
Acción 2	Lectura de contos ou historias en galego aos máis cativos por parte dos seus compañeiros ou das familias.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Implicar alumnado de cursos superiores e familia		
Responsables	EDLG, Equipo de Dinamización da Biblioteca ,titores dos distintos cursos e familias		
Recursos e materiais	Contos, material funxible, ...		
Obxectivo: Fomentar o uso normal da lingua galega por parte da comunidade educativa, tanto oral como escrita, potenciando as competencias activas sobre as pasivas, sobre todo a oralidade por parte da comunidade escolar, tentando diminuír os prexuízos lingüísticos e as actitudes negativas.			
Acción 1	Emprego da lingua galega en toda a documentación administrativa e pedagóxica do Centro, no seu rotulado, nas notas informativas, nos taboleiros de anuncios, nos carteis, na catalogación da biblioteca, etc.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Implicar todo aos docentes e as familias		
Responsables	EDLG, Equipo de Dinamización da Biblioteca e titores dos distintos cursos		
Recursos e materiais	Medios tecnolóxicos (páxina web de centro, facebook), material funxible (notas e carteis informativos),...		
Acción 2	Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Implicar ao alumnado e profesorado		



Responsables	EDLG		
Recursos e materiais	-----		
Obxectivo: Recuperar e tentar difundir as principais tradicións e festas etnográficas da nosa cultura popular.			
Acción 1	Celebración das principais festas etnográficas : Samaín, Magosto, Nadal, Maíos, Entroido e Letras Galegas		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Implicar alumnado, aos docentes e as familias		
Responsables	EDLG, Equipo de Dinamización da Biblioteca , Equipo de Complementarias e extraescolares e titores dos distintos cursos		
Recursos e materiais	Disfraces , murais, ordenador portátil, altofalantes, material funxible, castañas, flores e pampullos..		
Acción 2	Xogos tradicionais.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Implicar ao alumnado, profesorado e familias		
Responsables	EDLG e Actividades Complementarias e Extraescolares		
Recursos e materiais	Xogos tradicionais elaborados polo centro e pola asociación Corredoira.		
Acción 3	Traballos etnográfico. Exp: sobre a toponimia e historia de zonas da localidade de Ardán.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Implicar ao alumnado, profesorado e familias		
Responsables	EDLG		
Recursos e materiais	Cartolinas, papeis, lapis, cores,...		
Obxectivo: Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación en galego, en espazos que favorezan asociacións positivas e permitan ampliar o emprego da nosa lingua nas creacións e nos diversos intercambios dixitais.			
Acción 1	Axenda Escolar curso 2023-2024 en galego para o alumnado e o profesorado.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Potenciar o uso do galego		



Responsables	EDLG e Equipo das Tic		
Recursos e materiais	Ordenadores, internet, páxinas web, fotocopias,...		
Acción 2	Recompilación de material informático en galego: dicionarios, tradutores, léxicos, correctores, etc.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Potenciar o uso das Tic e do galego		
Responsables	EDLG e Equipo das Tic		
Recursos e materiais	Ordenadores, internet, páxinas web		
Acción 3	Adquisición de diverso material fonográfico e audiovisual en galego para o seu uso nas materias do currículo que empreguen esa lingua.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Implicar ao profesorado		
Responsables	EDLG e Equipo da Biblioteca		
Recursos e materiais	DVD, CD e enlaces a páxinas web		
Obxectivo: : Implicar activamente a toda a comunidade escolar no labor dinamizador, promovendo cambios nos hábitos lingüísticos, que permitan acadar cotas máis altas de prestixio para a lingua galega.			
Acción 1	Colaboración con outros centros escolares, entidades culturais, recreativas, asociativas e deportivas do contorno na realización de actividades, que promovan o uso da lingua galega e o coñecemento da nosa cultura.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Toda a comunidade Educativa		
Responsables	EDLG e Equipo das Tic		
Recursos e materiais	Ordenadores, internet, páxinas web		
Acción 2	Edición dunhas guías de Lectura adaptadas a cada unha das etapas educativas (Ed.Infantil,Ed.Primaria,). Cada centro elaborará unhas propostas de lecturas e música que se elixirán entre todos nestas reunións, para logo maquetalas nun deseño dixital, editalas e facerllas chegar ás comunidades educativas.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Fomentar a lectura en galego		



Responsables	EDLG e Equipo de Biblioteca		
Recursos e materiais	Fotocopias cor e ordenadores		
Acción 3	Promoción do noso colexio en galego: “ O colexio de Ardán: un teatro de aprendizaxes”		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	A toda a comunidade educativa		
Responsables	EDLG , a Dirección e a ANPA		
Recursos e materiais	Pancarta, mural, vídeo, trípticos,...		
Acción 4	Semana da lingua galega		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Durante unha semana todo o centro ten a obriga de comunicarse unicamente en galego.		
Responsables	EDLG e toda a comunidade educativa		
Recursos e materiais	O necesario para a comunicación.		

3.5. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN

Non hai cambios na impartición de linguas estranxeiras.

24. PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL E CONVIVENCIA.

1. INTRODUCCIÓN.

O C.E.I.P. de Ardán é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que está situado no suroeste da provincia de Pontevedra e ubicado no lugar de Casás, pertencente á parroquia de Ardán, no concello de Marín e nunha zona rural e costeira da comarca do Morrazo.

O centro consta das etapas de Infantil e Primaria que no presente curso escolar ten matriculados un total de 48 alumnos/as: 35 na etapa de Primaria e 13 na etapa de Infantil. Este



centro está adscrito ao Instituto de E.S.O., situado no lugar de “Chan do Monte” na parroquia de Mogor.

O centro dispón de comedor escolar dende o ano 2017-18 e un Plan Madruga dende o curso 2022-23 para dar resposta as necesidades das familias en relación coa conciliación da vida familiar desta comunidade educativa.

Dende o curso 2023-24 no que foi publicada a **Orde do 23 de agosto do 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia**, o centro conta coa figura de coordinadora de benestar e convivencia, no curso actual a coordinadora é Eva Graña Menduiña

2. ANÁLISE DO CONTEXTO.

O centro ten a particularidade de ser unha comunidade educativa pequena. As familias, en xeral, participan moito da vida escolar e colaboran en moitas das actividades do centro.

A pesar de esa comunicación e colaboración escola-familias, observamos que hai un alto índice de alumnado que fan un consumo excesivo e pasivo das novas tecnoloxías, chegando incluso a supoñer un problema para realizar outro tipo de ocio e para as relacións persoais.

A escola debe dar resposta ás necesidades do momento actual, debe garantir a igualdade de oportunidades e compensar as carencias que o entorno familiar non da resposta. Na actualidade, e maiormente despois da pandemia, vivimos un momento de bastante desconexión sensorial e persoal debido o uso excesivo de pantallas. A gran dedicación laboral por parte das familias e o aumento do uso das redes sociais por parte das persoas adultas tamén agravan esta situación, xa que cada vez o ocio é máis individual e a través das pantallas, polo que se reducen as oportunidades de interaccións persoais reais e a práctica de resolución de conflitos nun entorno real e natural. Por outra banda, ao realizar menos actividades no exterior a maneira de relacionarse co entorno tamén muda, aumentando os medos e diminuíndo a autonomía, aspectos que poden afectar ao desenvolvemento pleno do alumnado.

Este novo contexto fai que aparezan novas problemáticas: maneiras novas de relacionarse, problemas de comunicación, protección de datos, desregulación emocional, falta de escoita, etc.

Ante esta nova situación a escola debe actuar e un xeito de facelo é a través de actividades preventivas relacionadas co benestar emocional e a convivencia dirixidas a toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado e familias.

3. OBXECTIVOS. (indicadores)

Os obxectivos marcados están dirixidos a toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado e familias:



- ***Facilitar a detección de dificultades de convivencia e de relación e promover a resolución dos conflitos.***
 - INDICADORES:
 - Aumento da detección precoz dos conflitos na convivencia.
 - Incremento das estratexias pacíficas na resolución de conflitos.

- ***Favorecer as habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.***
 - INDICADORES:
 - Redución de conflitos resoltos de maneira non pacífica.

- ***Fomentar a cultura do bo trato, promovendo valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura da paz.***
 - INDICADORES:
 - Aumento do diálogo ante un conflito de convivencia.
 - Incremento de escoita activa no día adía da escola.

- ***Realizar actividades coa comunidade educativa que favorezan a prevención, a detección precoz das violencias e a protección da infancia sobre as mesmas.***
 - INDICADORES:
 - Aumento da sensibilidade na protección da infancia e a redución da violencia.

- ***Fomentar o respecto pola diversidade funcional, afectiva, familiar, racial, etc.***
 - INDICADORES:
 - Aumento da sensibilidade e aceptación da diversidade sexa do tipo que sexa.

- ***Promover unha alimentación saudable e nutritiva.***
 - INDICADORES:
 - Aumento do número de merendas saudables.
 - Asocia celebración con alimentación saudable.



- ***Dar a coñecer os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia.***

- INDICADORES:

- Maior coñecemento dos protocolos actuais.

- ***Evitar o tratamento ilegal de datos persoais.***

- INDICADORES:

- Aumento da conciencia e responsabilidade no trato de datos persoais.

- ***Informar e asesorar ás familias en relación ao benestar emocional e a convivencia.***

- INDICADORES:

- Aumento do intercambio de información entre escola e familias.
- Adquisición de maior número de estratexias no ámbito doméstico para mellorar o benestar emocional e convivencia.

4. PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO.

Este deseño de actividades será aprobado polo claustro previo á realización das mesmas, no mes de outubro.

As actividades propostas serán analizadas e avaliadas polo claustro e polas persoas a quen van dirixidas unha vez realizadas, co fin de mellorar e facer as modificacións oportunas.

As actividades serán difundidas a través da web do centro e as redes sociais Facebook e Instagram e na prensa escrita. Ademais colocaranse carteis no centro escolar.

5. ACCIÓNS

TEMPORALIZACIÓN	A QUEN VAI DIRIXIDA	ACTIVIDADE	INDICADOR DE LOGRO
1º TRIMESTRE	COMUNIDADE EDUCATIVA	ACTUALIZACIÓN PLAN DE CONVIVENCIA	Aprobación do novo plan de convivencia
1º TRIMESTRE	PROFESORADO	CHARLA FORMATIVA AMINO	Ser quen de detectar signos de abusos sexuais
1º TRIMESTRE	PRIMARIA	TALLER AMINO	Maior sensibilidade do alumnado sobre o respecto e



			coidado dos corpos
1º TRIMESTRE	INFANTIL E PRIMARIA	SOCIOGRAMAS	Coñecemento das relacións persoais e conflitos dos grupo-clase
1º TRIMESTRE	2º CICLO DE PRIMARIA	COÑECE E DECIDE (ÉRGUETE)	- Recoñece a propia personalidade. -Aumento das habilidades sociais e a asertividade. - Ser quen de facer unha xestión emocional ante diferentes situacións.
1º TRIMESTRE	FAMILIAS	COÑECE E DECIDE (ÉRGUETE)	-Adquisición de vocabulario relacionado coa xestión emocional e habilidades sociais. -Adquisición de estratexias para a xestión emocional dos fillos e fillas.
1º TRIMESTRE	INFANTIL E PRIMARIA	XOAN XIII. TEATRO	Valora a diversidade funcional e as súas expresións creativas
2º TRIMESTRE	3º CICLO DE PRIMARIA	COMUNIDADES EN LIÑA (ÉRGUETE)	Ser quen de detectar signos de adición e exceso do uso das pantallas.
2º TRIMESTRE	3º CICLO DE PRIMARIA	COMUNIDADES EN LIÑA (ÉRGUETE)	Ser quen de detectar signos de adición e exceso do uso das pantallas dos fillos/as.
2º TRIMESTRE	3º CICLO	PLAN DIRECTOR	Identifica situacións e signos do abuso escolar, mal uso de redes sociais, abuso sexual, adicións e discriminación.
3º TRIMESTRE	INFANTIL E PRIMARIA	MERENDAMOS FROITA	Introdución da froita nas merendas diarias.
3º TRIMESTRE	FAMILIAS	TRATAMENTO DATOS PERSOAIS	Identifica os datos sensibles e é consciente da súa protección
NOVEMBRO 3º CICLO	PRIMARIA (ALUMNADO E	OBRADOIRO DE	-Localización dos conflitos



XANEIRO 2º CICLO ABRIL 1º CICLO	PERSOAS TITORAS)	HABILIDADES SOCIAIS (4 SESIÓN(S))	de cada grupo clase -Adquisición de recursos para afrontar os conflitos do día a día.
AO LONGO DO CURSO	COMUNIDADE EDUCATIVA	INFORMACIÓN PROTOCOLOS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN DE VIOLENCIAS	Actualización da información dos protocolos relacionados con situacións de violencia o invasión da intimidade
AO LONGO DO CURSO	INFANTIL E PRIMARIA	AULA MULTISENSORIAL	-Integra a información sensorial -Identifica emocións alleas e propias
AO LONGO DO CURSO	INFANTIL E PRIMARIA	APRADRIÑAMENTOS	Establece relacións persoais máis alá do grupo clase
AO LONGO DO CURSO	COMUNIDADE EDUCATIVA	FESTAS E CONMEMORACIÓN(S) SAUDABLES	Aumenta as opcións de menús saudables para a celebración de festas

25. PROGRAMACIÓN ANUAL PARA A AULA MULTISENSORIAL

1. CONTEXTUALIZACIÓN

A escola debe dar resposta ás necesidades do momento actual, debe garantir a igualdade de oportunidades e compensar as carencias que o entorno familiar non cubre. Na actualidade, e maiormente despois da pandemia, vivimos un momento de bastante desconexión sensorial debido o uso excesivo de pantallas, falta de estimulación táctil por medo a tocar, pouca interpretación facial debido ao uso de mascarar durante un tempo prolongado, etc. O gran dedicación laboral por parte das familias e o aumento do uso das redes sociais por parte das persoas adultas tamén agravan esta situación, xa que cada vez o ocio é máis individual e a través das pantallas, polo que se reduce a estimulación sensorial e as oportunidade de interaccións persoais reais.



Ante esta nova situación a escola debe actuar e un xeito de facelo é a través das aulas de estimulación multisensorial. As aulas de estimulación multisensorial teñen como finalidade dotar de experiencias sensoriais ao alumnado e buscar unha mellor asimilación da información sensorial.

A aula de estimulación é un ambiente estruturado e controlado, no que se afonda nas sensacións a través da exploración (libre e inducida), do goce e do descubrimento. As sensacións a proporcionar serán: visuais, cinéستicas, vestibulares, auditivas, olfactivas e táctiles.

A aula de estimulación multisensorial servirá para aprender a seleccionar, procesar ou obviar a información sensorial que nos chega. Moitas familias falan da irascibilidade, da excitabilidade, da ansiedade ou da falta de control que teñen os seus fillos e fillas. Temos que pensar que aprender a:

- Determinar a fonte de entrada dos estímulos.
- Discriminar o tipo de estímulo, as súas características.
- Controlar ou relativizar a intensidade da súa entrada.
- Focalizar a atención no estímulo obxectivo.

Son habilidades que van permitir que os nosos alumnos e alumnas tomen conciencia de que senten e como o fan. Este será o primeiro paso para acadar un adecuado autocoñecemento, que permitirá tomar conciencia das necesidades de cada un e mellorar as relacións interpersoais.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos da aula sensorial son:

- Axudar a crecer e a desenvolverse ao noso alumnado.
- Traballar as sensacións nun ambiente controlado.
- Aprender a filtrar e organizar a información sensorial
- Integrar a información recibida polos diferentes sentidos.
- Aprender estratexias de relaxación.
- Fomentar o autocoñecemento.
- Promover o aprendizaxe por descubrimento.



- Desenvolver o pracer sensoriomotriz.
- Fomentar o movemento.
- Mellorar a capacidade de atención.
- Proporcionarlles un lugar de desconexión e zona de seguridade.
- Estimular a habilidade de exploración.
- Desenvolver estratexias de comunicación.

3. TEMPORALIZACIÓN

- **EDUCACIÓN INFANTIL:** realizaranse 2 sesións semanais con todo o alumnado de infantil.
 - o **PELO: 1 sesión semanal** Haberá 3 estacións con 3 propostas diferentes, o alumnado dividirase en 3 grupos (4+4+5). Ao entrar na aula cada alumno elixirá a proposta que quere realizar e apuntarase nunha táboa, na seguinte semana terá que elixir entre as dúas que lle quedan por facer, e na terceira semana irá a última tarefa. As semanas que a aula estea ocupada polas instalacións farase o obradoiro na aula de educación infantil.
 - o **SENSORIAL: 1 sesión semanal** Haberá 3 estacións con 3 propostas diferentes, o alumnado dividirase en 3 grupos (4+4+5). Ao entrar na aula cada alumno elixirá a proposta que quere realizar e apuntarase nunha táboa, na seguinte semana terá que elixir entre as dúas que lle quedan por facer, e na terceira semana irá a última tarefa. Ao longo do curso realizaranse 8 propostas diferentes.
- **EDUCACIÓN PRIMARIA:** realizaranse 7 sesións no curso relacionadas cunha temática determinada:
 - o **Aula Samaín:** instalación relacionada coa escuridade, os medos e o noxo.
 - o **Aula inverno:** instalación relacionada co frío e o calor, o xeo, as luces, etc.
 - o **Aula entroido:** instalación relacionada coa transformación do corpo e a vestimenta.
 - o **Aula primavera:** instalación relacionada coas cores, luces, flores, cheiros, etc.
 - o **Aula bechos:** instalación relacionada cos bechos, paxaros, etc.
 - o **Aula letras galegas:** relacionada coa tradición e a cultura galega.
 - o **Aula verán:** instalación relacionada coa auga.



- **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:** todo o alumnado que precise autorregularse, tranquilizarse ou precisase facer una estimulación sensorial específica poderá utilizar a aula acompañada do profesorado que o estime oportuno.

4. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL

A distribución temporal variará dependendo de cada intervención, aínda que sempre intentaremos que os elementos se distribuían tendo en conta as diferentes sensacións que queremos fomentar: visuais, cinéstésicas, vestibulares, auditivas, olfactivas e táctiles.

- **EDUCACIÓN INFANTIL:** a aula está dividida en 3 estacións. Ao chegar cada un collerá a súa foto e a colocará na estación que elixa no cadro de estacións.
- **EDUCACIÓN PRIMARIA:** a distribución do espazo dependerá de cada estación.

5. SEGUIMIENTO

As actividades propostas serán analizadas e avaliadas polo claustro unha vez realizadas, co fin de mellorar e facer as modificacións oportunas.

TÁBOA RESUMO DE ACTIVIDADES

TEMPORALIZACIÓN	ALUMNADO	ACTIVIDADE
2-20 OUTUBRO	INFANTIL	TOMA DE CONTACTO
23-3 NOVEMBRO	INFANTIL E PRIMARIA	SAMAÍN
6-24 NOVEMBRO	INFANTIL	OUTONO
27-15 DECEMBRO	INFANTIL	NADAL
18-22 DECEMBRO	INFANTIL E PRIMARIA	AULA DE INVERNO



8-26 XANEIRO	INFANTIL	INVERNO
29-9 FEBREIRO	INFANTIL E PRIMARIA	ENTROIDO
19-8 MARZO	INFANTIL	TRANSFORMACIÓN
11 MARZO -12 ABRIL	INFANTIL	PRIMAVERA
15-3 MAIO	INFANTIL	BECHOS
6-17 MAIO	INFANTIL E PRIMARIA	TRADICIÓNS GALEGAS
27-14 XUÑO	INFANTIL	AUGA
17-20 XUÑO	INFANTIL E PRIMARIA	VERÁN

1.1.CONSTITUCIÓN DO DO

A atención a diversidade no noso centro abrangue a totalidade do alumnado, e intenta dar resposta e contar coas medidas e os recursos educativos que respondan as súas necesidades e características persoais. É un obxectivo prioritario garantir a inclusión de todos os alumnos.

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

As actuacións son o resultado dunha planificación e intervención conxunta e coordinada de todos os profesionais para ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais de todos os alumnos/as, e onde as accións preventivas e a detección temperá.

Este curso a orientación será compartida co Ceip de Seixo.

No Ceip de Ardán, sendo as 12:00 horas do día 27 de setembro de 2023 queda constituído o Departamento de Orientación cos seguintes membros:

- Xefa do departamento: Gonzalo José Díaz Pérez.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP DE ARDÁN
www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/

Casás - Ardán s/nº
Tel. 886 151 331/886 151 332
Fax 886 151 333
ceip.ardan@edu.xunta.gal

- Coord. Educación Infantil: María José Outeiral Rey
- Titora dos cursos (1º-2º): María Carballeira Seoane
- Titor dos cursos (3º-4º): Carlos Prieto Lage
- Titora dos cursos (5º-6º): Silvia Fernández Kraemer
- Prof de P.T.: Laura Vidal Paz
- Prof. de A.L.: Eva Graña Mendiña

Os membros do departamento reuniranse de maneira ordinaria o primeiro martes do mes no Ceip de Seixo e o terceiro no Ceip de Ardán.

O orientador, PT e AL reuniranse os xoves de cada semana. Así constará na P.X.A.

1.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

RECURSOS PERSOAIS. PROFESORADO E ALUMNADO

- Neste curso o Ceip de Ardán conta con 48 alumnos e alumnas e 9 profesores. Dentro do profesorado o Departamento de Orientación está constituído por unha mestra especialista en audición e linguaxe, unha mestra especialista en pedagogía terapéutica itinerante co CEIP Sequelo profesorado do centro, o xefe de departamento itinerante co Ceip de Ardán.
- A praza de AL é unha praza preferente.

IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

No centro de Ardán contamos neste curso con 30 alumnos/as con NEAE.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .

Alumnado que require por un período da súa escolarización ou o longo dela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidades , psíquicas, de trastornos graves de conducta, dificultades de aprendizaxe, TEA ou ben por estar nunha situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos, culturais, de saúde ou outras semellantes. No noso centro:



- Contamos con alumnos/as con Trastorno específico da aprendizaxe: con dificultades na lectura, na expresión escrita e nas matemáticas.
- Alumnado con trastorno do espectro autista
- Alumnado con discapacidade.
- Alumnado con TDHA (con trastorno lecto-escritor ou TGD comórbido).
- Alumnado con A.A.C.C.
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de hábitos, falta de estimulación, dificultades da linguaxe...
- Alumnos con dificultades na fala: dislalias funcionais e fisiolóxicas.
- Alumnos con dificultades nos aspectos funcionais da linguaxe: pragmática.
- Alumnado proposto para a realización dunha ACS
- Alumnado con situacións persoais sociais ou culturais desfavorecidas.
- Alumnado que promociona con materias pendentes .

PROCEDIMENTO PARA A DETECCIÓN DO ALUMNADO CON NEAE

Fases na detección e identificación de NEAE

Para garantir a inclusión, integración e interacción social dos nosos alumnos a centro debe organizarse para identificar as necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) e dar a atención e a resposta adecuada a cada alumno/a según as súas necesidades.

Identificamos as diferentes etapas no proceso de prevención, detección e identificación do alumnado con NEAE:

1. **Prevención.** Dirixido a todo o alumnado. Implantación de programas de estimulación (estimulación da linguaxe en Educación Infantil)
2. **Detección.** Definición dos indicios de NEAE. Protocolos de Detección (da Xunta e do propio centro), derivación e intervención.
3. **Identificación.** Elaboración da avaliación psicopedagóxica identifícase o tipo de NEAE para coñecer o tipo de resposta que require o alumno/a.



Pódese solicitar a intervención do EOE (Equipo de Orientación Específico).

Establécese o tipo de NEE, a modalidade de escolarización a proposta de atención.

- 4. Organización da resposta.** Programas de reforzo, Adaptacións curriculares, cambios metodolóxicos...

Como nos cursos anteriores detéctanse a través do profesor-titor cando os alumnos/as presentan unha dificultade de aprendizaxe puntual, sospeitas de discapacidade, alta capacidade, retraso escolar severo con o sin situación social desfavorecida, trastornos da linguaxe ou de conducta... e que requiren valoración no contexto de ensino-aprendizaxe.

A través da memoria final do curso anterior, e da información recollida nas sesión de avaliacións.

A través dos informes recollidos de centros anteriores

A través da información recollida nos programas de apoio para alumnado que non promocióne e alumnado que promocióne con materias pendentes realizados polos titores a finais do curso anterior.

A través da avaliación inicial realizada no mes de setembro.

A través da información aportada polos profesores especialistas.

A través das avaliacións iniciais ao comezo de curso.

A través da información aportada polas familias.

A través da información aportada polos servizos externos de saúde

A través da información recollida da proba realizada ao alumnado de 1º de primaria pola orientadora.

A través da avaliación psicopedagóxica.

A devandita detección realizarase, tendo en conta os seguintes pasos:

1º.- A principios de curso, segundo a orde do 9 de xuño de 2016 o profesorado titor realizará a avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave, en



colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. No mes de outubro farase unha reunión (equipo docente do curso, titor actual e anterior, orientadora, P,T. e A.L.), para valorar os resultados de dita avaliación.

Previa a dita reunión, farase una sesión de coordinación entre orientadora, PTs, AL e titor/a para informar dos alumnos atendidos no DO, determinar necesidades, decidir programas de intervención, lugar e número de sesión (individual/grupal), materiais, seguimentos e sesión de PO. As decisión adoptadas levaranse a reunión de avaliación inicial para facilitar o desenvolvemento e eficacia das mesmas.

2º.- O profesorado titor realizará unha demanda de valoración por escrito que se concretará no cuestionario a tal efecto. (Documento de derivación do centro).

3º.- A xefa do Departamento de Orientación revisará as medidas que se esten levando a cabo e asesorará no deseño das posibles medidas de reforzo encamiñadas a solucionar as dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe.

Nun principio tentarase de dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das **medidas ordinarias**.

A avaliación psicopedagóxica estará encamiñada a articular as medidas pedagóxicas oportunas. Resultado da mesma será o informe psicopedagóxico, no que, entre outras, se recollerán as medidas de atención para dito alumno/a, así como se establecerán as **necesidades específicas de apoio educativo** e os **recursos e medidas** de carácter extraordinario, indicando si son temporais ou permanentes. Estas decisións poden ser relativas á proposta curricular, ás modificacións no contexto educativo, á provisión de axudas persoais, materiais e modalidade de apoio e, por último, á colaboración coa familia.

Periodicamente levarase a cabo un rexistro dos avances e a revisión das medidas adoptadas para introducir os axustes necesarios. (seguimento).

A profesora especialista en AL, valora ao comezo de curso (avaliación inicial) aos nenos dos centros que poden ser atendidos ao longo do curso. Foron valorados a totalidade de nenos en Ardán.



No momento que se detecta algunha das dificultades citadas anteriormente, o titor adoptará as medidas oportunas para dar resposta a esas dificultades, asesorado polos profesores especialistas do centro en canto a recursos, estratexias, e metodoloxía. Senon se resolve será valorado polo Departamento de orientación.

1.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

O obxectivo xeral do plan é asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida alcanzar o máximo desenvolvemento persoal, social, emocional, e intelectual.

Con respecto aos Centros:

- En xuño e setembro transmítense a información individualizada de cada alumno ao IES correspondente facilitando a transición da Primaria a Secundaria dos nosos alumnos (según documento elaborado no departamento).
- Entre xuño e setembro unha vez coñecidas as matrículas definitivas dos nosos alumnos enviarase aos centros de destino correspondentes a información de cada un deles. Que no caso do alumnado de 6º curso será a seguinte:

Para alumnos atendidos con intervencións continuas do D.O.:

-Informe de fin de etapa

-Informe psicopedagógico de primaria

-Último informe de AL

-Último informe de PT

-Certificado de minusvalía (se é o caso)

-Últimos informes médicos (se os hai)

-Copia do documento de ACI (se o hai)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP DE ARDÁN
www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/

Casás - Ardán s/nº
Tel. 886 151 331/886 151 332
Fax 886 151 333
ceip.ardan@edu.xunta.gal

Para alumnos atendido con intervencions esporádicas

-Informe pedagógico con resume das dificultades atopadas en Primaria.

Todo o alumnado

-Probas acordadas

-Documentos prescritivos (proposta de exención de francés)

- Unha vez ao mes (o primeiro martes) farase a reunión do departamento de Orientación.
- O segundo martes de mes a reunión será cos especialistas de PT, AL e orientador.
- Manterase comunicación fluida co IES Chan do Monte, proporcionándolle información das medidas co alumnado que teñen eles nese momento e anticipándolles a situación que van ter o próximo curso, visitando xuntos cos alumnos escolarizados en 6º as instalacións do seu futuro centro. Explicándolles as súas normas de funcionamento. Ao final de curso entregárase a orientadora do IES de Chan do Monte, un listado dos alumnos que continuarán os seus estudos nese centro coa información máis importante de cada un deles, así como das medidas adoptadas en primaria.
- Tamén manterase relación co Ceip de Seixo. Prográmanse actividades en común para facilitar a propiciar a comunicación entre os alumnos de ambos Centros (futuros compañeiros na maioría dos casos do IES da zona).

Con respecto ao alumnado:

- Ao longo do terceiro trimestre elaborárase para cada alumno un informe breve en colaboración co titor sobre aspectos cuxo coñecemento facilite a adaptación dos nenos á nova etapa educativa.
- A especialista en AL, este curso levará a cabo as sesións de estimulación da linguaxe en Educación Infantil (unha sesión co grupo).
- Ao comezo de curso o equipo docente reunírase para valorar os resultados da avaliación inicial, presididos pola persoa titora. Reflexiónase sobre aqueles



casos ou aspectos que requiran a adopción de medidas, tanto a nivel grupal como a nivel individual, avaliaranse as medidas de atención á diversidade adoptadas en cada caso o programado e a súa execución, así como os resultados observados e rexistrados ata o momento, e os avances e dificultades que se consideren relevantes coñecer. A orientadora entregará un resumo das necesidades e as medidas adoptadas cos alumnos con NEAE.

Punto importante a tratar nestas primeiras reunións é o establecemento de criterios comúns de intervención e a "distribución" de tarefas e competencias para un plan de intervención coherente, tendo en conta as necesidades.

- Ao longo do curso realízanse reunións periódicas do profesorado que intervéñen cun determinado alumno/a ou grupo para facilitar a coordinación das súas actuacións.
- No mes de setembro realízase unha reunión de coordinación entre o profesorado que imparte educación infantil e o 1º curso de educación primaria (Orde de 25 de xuño de 2009, coordinación entre ciclos e con educación primaria).
- Colaborar na realización das ACS e programas de reforzo educativo . Os pais serán informados das decisións adoptadas e firmaran a autorización para levar a acabo ditas medidas. Levantarase acta da reunión co profesorado que atende ao alumno, sobre a decisión da pertinencia da elaboración da ACS. No mes de novembro será enviada á Inspección educativa.
- O seguimento das actuacións ou das medidas postas en práctica resulta un proceso imprescindible para coñecer a súa utilidade e, ao mesmo tempo, para orientar os posibles axustes ou melloras. Nas distintas intervencións (da familia, profesorado, orientación...) consideran, no seu deseño, o proceso de seguimento e avaliación.
- Farase un seguimento trimestral das ACS, antes das datas de cada avaliación (según modelo elaborado no departamento).



- Farase un seguimento trimestral dos alumnos que reciben apoio. Nos casos de alumnos con TDHA e trastorno lecto-escritor cubriranse os protocolos elaborados no departamento para facilitar dita coordinación. Os resultados adxuntaranse aos informes psicopedagóxicos de cada alumno.
- Tamén farase un seguimento trimestral dos reforzos educativos o que ademais servirá para revisar as medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe.
- Para aqueles alumnos que non promocionaron, seguirá un plan específico de recuperación. Os pais serán informados destas medidas de reforzo e/ou recuperación. Ao final de curso (o titor/a que realiza o plan para o próximo curso, ao principio de curso o titor/a que recolle e no seguimento de cada trimestre)
- Trimestralmente se realizará un seguimento dos plans específicos de recuperación PEMP e PEAR.
- Trimestralmente orientador, PT e AL participarán nas sesións de avaliación.
- Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado/a. A familia debe estar informada da posibilidade da non promoción alomenos un mes antes.
- O alumnado de 4º e 6º de EP recibirán nas áreas de libre configuración, reforzo nas áreas das linguas ("afondamento nas linguas").
- Explorarase psicopedagóxicamente ó alumnado derivado polo profesorado. Este deberá solicitar por escrito dita intervención, según modelo elaborado no departamento.
- A atención educativa nun contorno inclusivo e normalizado, e a aceptación das condicións de saúde como aspectos que acompañan a persoa ao longo da vida, debe ser un obxectivo prioritario, e compételle á totalidade da comunidade educativa. Para os alumnos con problemas de saúde. O profesorado será coñecedor dos casos que hai nos centros. Nun botiquín próximo a dirección estarán expostos os protocolos de actuación ante cada problemática



comunicada aos colexios, así como as medicacións necesarias para cada caso. Tamén coñeceran que alumnos estan dentro do programa de alerta escolar para no caso de emerxencia chamar o 061.

A referencia en todos os casos será o Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica e o protocolo de atención educativa domiciliaria da Xunta.

- Programa de acollida para alumnos que empezan educación infantil nos centros. No Ceip de Ardán os pais cubrirán a “Entrevista para as familias” o profesor titor completará nunha entrevista familiar aspectos do cuestionario e terá carácter confidencial. A finalidade é recoller información do contexto sociofamiliar no que se desenvolve o alumno/a co xeito de establecer unhas liñas conxuntas que permitan mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe tanto na escola como na familia. Unha copia permanecerá no departamento de Orientación. Os obxectivos desta primeira entrevista son: primeira entrevista son:
 - Coñecer o centro, as súas instalacións e o seu funcionamento.
 - Reforzar a comunicación entre futuras familias e o centro educativo.
 - Primeiros contactos cos pais ou titores legais do alumnos matriculados no centro.
 - Información sobre o período de adaptación.

Esta realizarase dende os primeiros día de setembro.

Neste período de adaptación pode modificarse algún horario según se desenvolva o proceso de adaptación de cada alumno.É un proceso amable e respetuoso Cada neno/a necesita o seu tempo para ir familiarizándose cos novos espazos, cos novos compañeiros/as, coas novas figuras de referencia, e aceptando a separación dos pais.

- Programa de acollida para profesorado novo no centro: os obxectivos son informar e crear unha dinámica de coordinación e de traballo en equipo. Entre as actividades realizadas sinalar: reunión do profesor con algún membro do



equipo directivo cando chega por primeira vez o Centro, onde se le informa de todo o concerniente a súa especialidade: aulas, material, programacións... eleccións de representantes de cursos, substitucións, horarios...1ª reunión co claustro, presentación o resto do profesorado, breve explicación da situación/contexto do centro, a súa estrutura organizativa entrega carpeta-guión de acollida (materiais necesarios e normas básicas, horarios...), reunión coa orientadora para informar das características do alumnado en xeral, do alumnado con NEAE e as medidas adoptadas (entrega ficha-resumen da cada alumno)

- Os protocolos para o tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA) e sobre o TDAH ou TEL na infancia serán o marco de referencia na orientación na atención a diversidade do alumnado con esa problemática (según quedou establecido no PXAD do centro revisado no mes de abril deste ano)
- Durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realiza unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión axeitada no seu proceso de aprendizaxe. Esta avaliación, incluírá a análise dos informes persoais do curso anterior e se completará coa información obtida das familias, e do departamento de orientación, e será o punto de referencia para a toma de decisións na adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.
- Para alumnos de Educación Infantil terase en conta o protocolo de observación para detectar síntomas de alerta que poden influir na aparición futuros de trastornos específicos de aprendizaxe. As respostas afirmativas nalgúns items son indicadores de risco e deberíanse ter en conta na planificación de estratexias de intervención.

Se ben durante esta etapa es importante respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno tamén somos conscientes de que unha rápida intervención a



través de estratexias metodolóxicas serán beneficiosas para todos, e fundamentais para evitar o agravamento do trastorno de aprendizaxe, así como as consecuencias negativas emocionais que desencadenan.

A escola xoga un importante papel no desenvolvemento persoal e integral do alumnado polo que esta etapa é un momento clave para a **promoción da saúde**. No terceiro trimestre do curso aplícase aos nenos de 6º de Educación Infantil unha proba de agudeza visual como medida preventiva na detección de defectos visuais futuros (material da ONCE).

Con respecto os profesores:

- Transmitirlles información acerca da avaliación psicopedagóxica e de aspectos personais (novos informes médicos, cambios en medicacións, seguimentos dos profesionais que levan a cada alumno, foniatra, psiquiatría infantil, neuroloxía...).
- Coordinar ACS e RE.
- Plantexar outras medidas de atención a diversidade segundo as problemáticas existentes.
- Realízanse seguimentos para revisar as necesidades, características ou condicións que presenta o alumno ao longo do curso, da atención e medidas ordinarias e extraordinarias, curriculares e organizativas e dos programas de intervención que recibe no centro, así como das medidas específicas referidas a estratexias metodolóxicas, actividades, organización de espazos e tempos, e recursos materiais. Así como revisión dos obxectivos e competencias a acadar
- Reunións cos pais para explicar medidas adoptadas cos alumnos/as de NEAE.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN E ORGANIZACIÓN

A inclusión, integración e interacción social serán os criterios clave a ter en conta no deseño de agrupamentos para a intervención na aula de PT/AL.



Na asignación dos apoios seguíronse os seguintes criterios:

- O tempo adicado a cada alumno/a estará en función das súas necesidades.
- O alumnado con atención preferente e polo tanto no horario da especialista de AL.
- Primando as intervencións aos casos de maior gravidade.
- Os horarios fíxanse ao comezo de curso de forma flexible. Pódense modificar en función da evolución de este alumnado, e das dificultades detectadas polos titores/as e o resto do profesorado.
- Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.
- As familias do alumnado susceptible de reforzo serán informadas das medidas que se van a adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.
- No caso de PT poden/deben subdividirse sen metades segundo as necesidades descritas para cada alumno/a.
- O apoio será en aula ordinaria sempre que sexa posible. Só se producirán intervencións directas especializadas cando:
 - A resposta educativa que precise o alumno/ con neae non poda resolverse con fórmulas máis normalizadas (alumnado con desfase curricular considerable) ou ben alumnado que mostre dificultades concretas de aprendizaxe vinculadas a presenza dalgún trastorno específico.
- O alumnado de AL atenderase na aula ordinaria preferentemente. Só en casos excepcionais, as sesións subdividiranse sempre en metades dadas as características da intervención (intervención de rehabilitación fonético-fonolóxica especialmente). Soamente en casos excepcionais consignarase sesións completas e nunca con carácter xenérico para un/ha alumno/a. Sesións na aula de AL, organizando as mesmas en pequenos grupos.
- Non se entenderán salvo casos excepcionais alumnos que acudan de xeito individual. De darse o caso nunca será a xeneralidade para un mesmo/a alumno/a con NEAE. Hai que ter en conta que desde unha visión de escola



inclusiva, as aprendizaxes non se reducen unicamente ao ámbito académico, a permanencia do alumnado no seu grupo-clase é fundamental.

- Os especialistas de AL e PT atenderán aos mesmos alumnos/as do curso anterior xa que a evolución de este alumnado é lenta e necesita dun apoio continuado para ir logrando avances.
- Dedicarase unha reunión semanal a coordinación e traballo entre PT , AL e orientadora, os martes pola tarde, na hora de atención a pais, priorizando sempre a atención aos mesmos.
- O profesorado titor e PT/AL coordinarase os martes pola tarde, na hora de atención a pais, priorizando sempre a atención aos mesmos.
- De acordo co equipo directivo, fixarase as reunións de elaboración e seguimento das ACIs, do seguimento dos programas para alumnado que promocióne con algunha área con cualificación negativa, e alumnado repetidor cos titores/as, profesores especialistas e profesores de A.L. e PT.(normalmente fíxanse una semana antes das sesións de avaliación).

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos en cada adaptación. (*Orde de 9 de xuño de 2016. artigo 7.pto2*)

Con respecto as familias:

- Solicitarlles a súa colaboración, participación e apoio na evolución do proceso educativo dos seus fillos (*orde do 9 de xuño de 2016 avaliación e promoción alumnado de primaria*) así como no intercambio de información para intentar solucionar os problemas do alumnado . Os martes pola tarde ou ben polas mañás cando o horario do profesorado o permita poderase informar da evolución dos seus fillos, das medidas a adoptar e dos resultados dos seguimentos. A ditas entrevista acudirán orientador, titor ou profesor de área e especialista en PT e AL según a información que sexa necesaria transmitir.
- O comezo de curso os pais dos nenos que reciban apoio educativo por parte de PT e AL (medida extraordinaria) firmaran a súa autorización para recibir dita atención no centro.



- A principio de curso haberá unha reunión de cada titor cas familias do alumnado para informarlles sobre o centro, o curso, metodoloxía de traballo, normas do funcionamento do centro....
- Reunións para informarlles sobre as medidas de atención a diversidade tomadas co alumno/a, para conseguir recabar información sobre as características do alumno ou problemática do entorno que poidan incidir nos posibles trastornos detectados etc...
- A decisión de non promoción do alumnado comunícase ás familias alomenos un mes antes, o equipo docente do grupo, decidirá sobre a promoción do alumnado. Tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Con respecto a outras institucións ou profesionais

- Solicítase a cooperación dos servizos sociais da zona cando se considere que a problemática presentada polo alumno poida ser de orixe familiar ou social.
- Solicítase a intervención da UACO.
- Intercámbiase información cos organismos que levan os casos do alumnado que requira unha atención específica: saúde mental, pediatría, menores, neuroloxía. Solicitando a autorización dos pais ou titores legais para transmitir dita información según documento de autorización familiar para a coordinación entre servizos educativos, médicos e psicopedagóxicos elaborado no departamento.
- Solicítase a cooperación do equipo específico da delegación (EOE), nos casos de necesidades dunha cooperación externa.
- O centro participa e atende ás demandas de coordinación doutros profesionais externos ao centro (logopedas, psicólogos....) .
- Para os alumnos que promocionan con materias suspensas ou ben para o alumnado repetidor, elabóranse a finais de curso uns programas de reforzo para aquelas áreas non superadas. Unha copia estará no Departamento de Orientación.



1.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

1.6. PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE E HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT/AL

A atención a diversidade do alumnado, é responsabilidade de todo o profesorado dos nosos centros. Todos están implicados, tanto nos niveis de planificación e de organización como na posta en práctica das medidas que se propongan.

1.- Equipo directivo

2.- Departamento de Orientación: formado polo orientador, unha especialista en P.T. e unha de Audición e Linguaxe.

3.- Todo o profesorado do centro:

-Mestres titores (1 en Educación Infantil e 3 en educación primaria)

- Mestres especialistas (1 de lingua inglesa, 1 de educación física, 1 de música, 1 de relixión católica).

4.- Recursos externos:

-Equipo de orientación específico (EOE) como apoio e asesoramento ao centro e valoración das necesidades especiais do alumnado.

-UACO do CPI do TOURAL.

-Servizos sociais, servizos médicos, gabinetes externos...

Mantense ao longo do curso unha total coordinación de todos os recursos humanos existentes nos diferentes ámbitos profesionais que poidan incidir no campo educativo.

Nos cursos de 4º e 6º de Primaria nas áreas de libre configuración, dedícaranse o reforzo das áreas instrumentais.

O profesorado especialista en PT e AL, realiza actuacións específicas de traballo directo co alumnado, xa sexa dentro ou fóra da clase.



O horario de intervención do persoal encargado da atención educativa do alumnado NEAE detállase no anexo I.

O titor figura de referencia dos alumnos/as da súa aula, actuará como coordinador do profesorado que traballa con ese grupo e será o vínculo máis estable de relación coas familias.

1.7.HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT/AL

Tendo en conta que este Centro ten a orientación compartida (Ceip de Seixo), a mestra de PT ten o seu Centro base no Ceip de Ardán e a mestra de AL ten o seu Centro base no Ceip de Ardán , as horas de coordinación serán un martes ao mes.

LISTAXE DE ALUMNADO CON NEAE ATENDIDO POR PT, AL, ATE.

-Detállase no anexo I

REUNIÓN Nº: 1	Data: 1º trimestre	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
Temas tratados: -Constitución do Departamento. Datás, reunións -Axudas para nenos con NEAE -Avaliación inicial			
<ul style="list-style-type: none">- Adoptar as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado derivadas da situación excepcional do curso 2023/24.- Asesorar nos plans específicos de reforzo e recuperación do alumnado con algunha materia pendente, repetición e os plans de reforzo para recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2023/2024.- Diseñar programas para a atención das necesidades.- Adaptar a propia función de orientación á situación do momento.- Coordinarse na atención do alumnado con necesidades educativas ou con vulnerabilidade, no coidado do seu benestar e na atención ás familias. Á promoción da saúde para favorecer o benestar físico e emocional do alumnado,			



especialmente o de nova incorporación.

Documentación:

- Protocolo de Avaliación Inicial (1º curso de Primaria)
- Protocolo de Avaliación Inicial (2º curso de primaria)

REUNIÓN Nº: 2	Data: 1º trimestre	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
----------------------	------------------------------	---	---

Temas tratados:

- Presentación concreción PAD 2022-2023
- Plan de orientación
- Alumnado con NEAE e medidas de atención a diversidade para o curso .

Documentación:

- Concreción PAD e Plan de Orientación

REUNIÓN Nº: 3	Data: 1º trimestre	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
----------------------	------------------------------	---	---

Temas tratados:

- Avaliacións iniciais. Conclusións. Propostas de mellora
- Resultados proba aplicada a alumnos de 1º curso. Resultados. Probas de especial dificultade.
- Folla de demanda de intervención do DO
- Programas de reforzo (expediente do alumno).
- Pasos a seguir na detección de alumnado con TDAH Trastornos da lectura e escritura e aplicación do protocolo no Centro.

Documentación:

- Nova folla de demanda do DO.
- Conductas para observar na casa ou ben noutras situacións e contextos.
- Prevención e intervención dentro da aula (TDAH.
- Actuacións iniciais do profesorado no ámbito escola.)
- Indicadores de dislexia.
- Propostas de intervención

REUNIÓN Nº: 4	Data: 2º trimestre	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
----------------------	------------------------------	---	---

Temas tratados:

- Detección e intervención precoz ante as dificultades de aprendizaxe dos alumnos con trastorno lecto-escritor.
- Presentación dos protocolos que faciliten a detección e actuación na problemática antes mencionada
- Patios inclusivos

Documentación:



- Protocolo de detección e actuación en dislexia.
- Fases preventivas
- Seguimento e avaliación das actividades de patios inclusivos.

REUNIÓN Nº: 5	Data: 2º trimestre	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
Temas tratados: Temas tratados: Información das xornadas dos xefes e xefas do DO. -Información do das xornadas dos xefes e xefas do DO. -Revisión do PAD - Seguimento dos programa de reforzos			

REUNIÓN Nº: 6	Data: 3º trimestre	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
Temas tratados: 1.-Elaboración da listaxe de alumnos propostos para medidas de atención á diversidade para o vindeiro curso. 2.-Preparación de informes de alumnado con NEAE que abandona o centro. 3.-O paso de Infantil a primaria 4.-Protocolo de observación en Educación Infantil. Coordinación entre ciclos y con educación primaria (orde 25 de xuño de 2009). 4.-Rogos e preguntas.			

REUNIÓN Nº: 7	Data: 3º trimestre	Ordinaria: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria: <input type="checkbox"/>
Temas tratados: - Propostas de mellora para o vindeiro o curso. - Presentación da memoria do DO			



-Reflexión final dos acordos adoptados no DO nos últimos cursos.

Documentación:

-Memoria do DO.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTIVIDADES PREVISTAS	RECURSOS DISPOÑIBLES	TEMPORALIZACIÓN Curso 2023/2024
Departamento de Orientación			
Xestión e revisión da documentación para as solicitudes das Becas N.E.E.(MEC)	Actualización da documentación e revisión da mesma para axuntar ás solicitudes.	Lexislación vixente	Ata o 20 de setembro para entrar na aplicación do MEC. Ata o 2 de outubro para presentar en Delegación.
Revisar a documentación prescriptiva do departamento: Plan de atención á diversidade.	Actualización da documentación e adecuación ao ano en curso e á nova lexislación.	Lexislación vixente	Todo o curso
Valorar que alumnado precisa atención de PT e AL	Recollida de información do profesorado Observación do alumnado Realización de informes	Reunións de coordinación Gardas de recreo Probadas psicométricas	Todo o curso
Axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado	Reunións cos titores e coas familias, observación do alumnado, realización de programas individualizados.	Hora de coordinación cos titores segundo dispoñibilidade, Horas de atención á familias Coordinación con PT e AL.	Todo o curso
Fomentar o emprego de técnicas de estudo no alumnado de 3º,4º,5º e 6º	Actividades co alumnado	Orientador, profesorado.	1º trimestre
Priorizar a educación emocional e o coidado da autoestima . Programa de Habilidades Sociais.	Actividades co alumnado e coordinación coas familias.	Orientador, profesorado e familia.	Ao longo curso
Participar activamente nas sesións de avaliación aportando e recollendo información.	Reunións de avaliación	Orientador, xefe de estudos e profesorado	Ao inicio do curso e ao final de cada trimestre
Facilitar o paso de infantil a primaria.	Establecemento de criterios comúns no que respecta a normas da clase, obxectivos e metodoloxía.	Coordinación entre o profesorado de 6ºEI e 1º EP	3º trimestre



Orientar ao alumnado de 6º no cambio de etapa a Secundaria	Charlas informativas dirixidas a alumnado e familias.	Orientador Profesorado secundaria	2º e 3º trimestre
Favorecer a comunicación cos servizos sociais da comarca e con outras institucións. UACO.	Contacto telefónico e realización de demandas de intervención e de informes.	Orientador e UACO .	Ao longo do curso
Realizar a memoria coas propostas de mellora para o seguinte curso.	Recollida de información Análise do realizado durante o curso	Orientador	Ao final do curso

3.6. PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE

Orientación entendida como un proceso continuo e sistemático, que forma parte do proceso educativo e se dirixe a todos os membros de comunidade educativa, poñendo énfase especial na prevención das dificultades e na posta en práctica de mecanismos de reforzo, así como no desenvolvemento integral do alumno/a.

A intervención persigue a adecuación ás características de cada caso, a atención á diversidade, polo que debe levarse a cabo con criterios de gran adaptabilidade.

A perspectiva desde a que se propoñen todas as accións é a construtiva ou colaborativa. Este feito implica que as solucións a determinadas dificultades búscanse conxuntamente entre o especialista e o profesorado. **A atención do alumnado con NEAE é responsabilidade de todo o profesorado, incluíndo titores/as, especialistas de área, PT, AL e orientadora, realizando aportacións desde perspectivas diferentes e complementarias.** A relación que se establece é de igualdade en canto ao nivel de relación e complementaria e diferenciada no que se refire a aportacións, experiencia profesional, formación, etc.

Así mesmo desde esta perspectiva aumenta a participación, implicación e corresponsabilización das distintas partes. As posibles modificacións xorden indistintamente e vanse incorporando as estratexias que parecen máis adecuadas.

O carácter das intervencións sobre o alumnado é preferiblemente indirecto, si ben nas ocasións que resulta oportuno, o tipo de intervención é directa.



4. PLURILINGÜISMO

4.1. PROFESORADO RESPONSABLE

Nome Coordinador/a	Horas redución
Adoración Santos González	2
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade
Adoración Santos González	EI e EP/ Inglés

4.2. SECCIÓN BILINGÜES/PLURINFANTIL

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais	Materias	Lingua na que se imparte
1ºEP	1	3	0	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Ed. Artística (Plástica)	Inglés
2ºEP	1	9	0	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Ed. Artística (Plástica)	Inglés
3ºEP	1	3	0	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Ed. Artística (Plástica)	Inglés
4ºEP	1	9	0	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Ed. Artística (Plástica)	Inglés
5ºEP	1	5	0	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Ed. Artística (Plástica)	Inglés
6ºEP	1	6	0	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Ed. Artística (Plástica)	Inglés

4.3. CENTROS PLURILINGÜES

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Materias	Lingua na que se imparte



4.4. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES

No centro contamos dende o curso 2015-2016, con seccións bilingües en todo a Etapa Primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria na área de Educación Artística – Plástica (*Artsandcrafts*), no que participa o 100 % do alumnado e que será impartida ao 50 % en lingua castelá e inglesa.

As profesoras implicadas no proxecto son:

- ✓ María Carballeira Seoane (Directora do centro)
- ✓ Adoración Santos González (mestra de Lingua Estranxeira – Inglés e profesora de Plástica de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de EP).

Pretendemos conseguir tres bloques de obxectivos:

Lingüísticos:

- Mellorar a competencia lingüística en inglés, dominando as catro destrezas da lingua: falar, escoitar, ler e escribir

Culturais:

- Fomentar o interese por outras culturas e valorar a propia.
- Coñecer os países nos que se fala inglés, as súas características, hábitos, costumes, festas, manifestacións artísticas e os aspectos máis destacables da cultura anglosaxona.

Cognitivos:

- Mellorar as capacidades de aprendizaxe, flexibilidade intelectual, conceptualización e abstracción.

En canto aos **mecanismos de seguimento e avaliación**, ao final de cada curso valoramos o proxecto, podendo modificalo en función dos logros acadados e das propostas de mellora. Analizaranse os seguintes aspectos:

- **Atender á organización: horario, medidas de coordinación docente, implicación do**



alumnado e do profesorado.
<ul style="list-style-type: none"> • Analizar o grao de consecución dos obxectivos e contidos programados.
<ul style="list-style-type: none"> • Ser capaz de converter a lingua estranxeira en lingua vehicular.
<ul style="list-style-type: none"> • Poder anticipar facilmente os contidos lingüísticos que apoian os contidos de área impartida en idioma.
<ul style="list-style-type: none"> • Analizar o material e recursos aplicados .
<ul style="list-style-type: none"> • Valorar as actividades aplicadas ao longo do curso.
<ul style="list-style-type: none"> • Observar as melloras nas competencias lingüísticas en lingua estranxeira do alumnado participante a través dos distintos mecanismos de avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> • Valorar a atención ao alumnado con necesidades ou dificultades e a adaptación das produción de materiais.
<ul style="list-style-type: none"> • Atender aos resultados do rendemento escolar na área de Educación Artística – Plástica.
<ul style="list-style-type: none"> • Grado de satisfacción e de motivación do alumnado, profesorado e familias.
<ul style="list-style-type: none"> • Lograr informar a Comunidade Educativa adecuadamente.

Antes do 27 de xuño comunicaremos á Xefatura Territorial, no caso de que non se cumpra algún requisito para renovación automática.

A profesora de Plástica de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria, elaborará unha memoria avaliativa que a directora remitirá á xefatura Territorial, segundo o modelo facilitado.

4.5. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Nome Auxiliar de conversa		Horas lectivas semanais
Verónica		16
Nome do centro co que comparte (en caso de existir)	CEIP Carballal	
Tarefas		
Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	



Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Outras tarefas (especificar):	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

5. PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL

Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
Juan Fernández Iglesias	El e EP/ Relixión
Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
Silvia Fernández Kraemer	5º e 6º EP/ Música
María Carballeira Seoane	EP

Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións.

Obxectivo: Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e social e os procedementos para melloralas.

Acción 1	Involucrando ás familias nas distintas actividades que realiza.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Importancia de crear un bo ambiente na escola.		
Responsables	Equipo Directivo, ANPA e Equipo de Convivencia.		
Recursos e materiais	Todo aquel que se precise nas distintas actividades.		
Acción 2	Poñendo en marcha os distintos Plans de Acollida.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Permite facer unha boa acollida ao alumnado e profesorado novo.		
Responsables	Equipo Directivo e Equipo de Convivencia.		
Recursos e materiais	Todo aquel que se precise.		
Acción 3	Aprendendo normas de convivencia xerais.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O alumnado as entende e realiza.		
Responsables	Equipo de convivencia		
Recursos e	Material funxible e carteis informativos		



materiais			
Acción 4	Participando nos patio inclusivos		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participa todo o alumnado de Primaria		
Responsables	Orientadora do colexio		
Recursos e materiais	Xogos e material que permita que se leve a cabo.		
Obxectivo: Favorecer a convivencia no centro, a igualdade efectiva entre homes e mulleres ea resolución pacífica de conflitos.			
Acción 1	Coa presenza do profesorado nas zonas máis conflitivas. Prestando atención ás entradas e saídas do centro, recreos e aos cambios de clase.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	En situacións máis conflitivas		
Responsables	Todo o profesorado		
Recursos e materiais	Recursos humanos		
Acción 2	Coñecendo os factores que inflúen na convivencia e favorecendo espazos de opinión e debate .		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Crear recantos de convivencia		
Responsables	Coordinador de convivencia		
Recursos e materiais	Un espazo físico e materiais coma cartolinas, rotuladores, lapis,....		
Acción 3	Valorar a educación positiva e evitar os castigos xeneralizados.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Durante as clases ou nos recreos.		
Responsables	Todo o profesorado		
Recursos e materiais	Os que ofrece o Centro.		
Acción 4	Establecendo criterios unitarios de intervención en conflitos, esixencia límites claros, consensuados e comúns.		



	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Nos momentos de conflito.		
Responsables	Todo o profesorado		
Recursos e materiais	Os que ofrece o Centro.		
Acción 5	Fomentando dinámicas de grupos dentro das aula ou noutros espazos.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Crear situacións de convivencia		
Responsables	Titores/as		
Recursos e materiais	Os que ofrece o Centro.		
Obxectivo: Fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan o cumprimento das normas e o respecto á diversidade e a igualdade entre homes e mulleres.			
Acción 1	Elaborar un conxunto de normas entre toda a clase.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Seleccionar 5 ou 6 e sempre en positivo.		
Responsables	Titoras ou titores		
Recursos e materiais	Cartolinas, rotuladores, cores, lapis,...		
Acción 2	Relación das actividades “especiais” que lles gustaría realizar aos nenos e nenas da clase como a celebración dos bos resultados no último día da semana.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Educar en positivo		
Responsables	Titoras ou titores		
Recursos e materiais	Pinturas, barro, globos,...		
Acción 3	Lectura e elaboración de contos non sexistas.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>



Indicador	Concienciar da igualdade de xénero		
Responsables	Equipo de convivencia e todo o profesorado.		
Recursos e materiais	Contos, folios, bolígrafos, pinturas y rotuladores		
Acción 4	Eliximos os nosos xoguetes		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Concienciar en datas, como o Nadal, dos xoguetes que usan.		
Responsables	Titoras ou titores		
Recursos e materiais	Catálogos de xoguetes, folios, cartolinas, pinturas		
Obxectivo: Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos e empregalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.			
Acción 1	Realizar xogo de roles .		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Poñerse na situación do outro, desenvolvendo unha actitude empática.		
Responsables	DO, Equipo de convivencia e titores/as clase.		
Recursos e materiais	Fotocopias e outro material que se precise.		
Acción 2	Procurar nenas e nenos mediadores nos conflitos.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	En situacións de conflito de aula ou nos patios.		
Responsables	Equipo de convivencia e nenas/os mediadores.		
Recursos e materiais	Os que se precisen na mediación.		
Obxectivo: Previr, detectar e eliminar todas as manifestacións de violencia, especialmente o acoso escolar, o ciberacoso, a violencia de xénero e as actitudes xenófobas e racistas.			
Acción 1	Realización de charlas informativas sobre el acoso escolar y el ciberacoso.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Dirixido al alumnado de 5º e 6º de EP.		



Responsables	Dirección e titora do curso		
Recursos e materiais	Solicitud das charlas, ordenador, encerado dixital,...		
Acción 2	Ver vídeos nos que traten o tema do acoso escolar e do ciberacoso.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Empatizamos con aqueles rapaces e rapazas que o sofren ou sufriron.		
Responsables	DO e Titores dos cursos no que se realiza.		
Recursos e materiais	Ordenador e encerado dixital.		
Acción 3	Celebración de 25 N		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Concienciar a todo o alumnado do Centro da importancia de erradicar a violencia de xénero e das actitude xenófobas e racistas.		
Responsables	Todo o profesorado que incide nas clases.		
Recursos e materiais	Todo o material que ofrezca o Centro e se precise: libros, murais, ordenadores, encerado dixital,...		
Acción 4	Realizar obradoiro con actividades sobre a coeducación e a non violencia de xénero.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Previr calquera tipo de discriminación o violencia, por iso a importancia de tratar estes temas desde a infancia dunha maneira lúdica.		
Responsables	Equipo de convivencia e os titores dos cursos nos que se realiza.		
Recursos e materiais	Materiais funxibles, ordenador e encerado dixital.		
Obxectivo: Contribuír á adquisición das competencias clave , sobre todo ás competencias sociais e cívicas (CSC) e á competencia para o sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).			
Acción 1	Aprender a dar resposta a problemas cotiás. E ti como o farías?		



	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Saber dar solución a distintas situacións.		
Responsables	DO, titores		
Recursos e materiais	Material Funxible		
Acción 2	Compartimos o talento		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Escribir e mostrar as habilidades que cada un ten.		
Responsables	DO, Equipo de convivencia, titores/as		
Recursos e materiais	Tarxetas, bolígrafo e o material preciso para mostrar o talento ao resto do grupo.		
Obxectivo: Fomentar e facilitar a participación, comunicación, cooperación das familias no proceso educativo e no mantemento da convivencia no centro.			
Acción 1	Coidando a comunicación entre pais e titores en xeral, e nos casos de incidencias de modo especial.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Necesidade de fomentar as boas relacións na Comunidade Educativa		
Responsables	Todo o profesorado		
Recursos e materiais	Os que se precisen e ofrezca o Centro.		
Acción 2	Incrementando as vías de participación familiar, facendo ver a necesidade da súa participación.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Nas actividades conxuntas.		
Responsables	Equipo de convivencia, Dirección e ANPA		
Recursos e materiais	Os que se precisen e ofrezca o Centro		
Acción 3	Achegando á realidade familiar dos alumnos e alumnas para favorecer a motivación e a implicación.		



	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Necesidade de xerar boas canles de comunicación.		
Responsables	Equipo de convivencia, Dirección e ANPA		
Recursos e materiais	Os que se precisen e ofrezga o Centro		

6. AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS

6.1. COMISIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS MESMAS

-Comisión de coordinación:

Dna. María Carballeira Seoane, directora do Centro, coma *presidenta*.

Dn. Gonzalo José xefe do *Departamento de Orientación*.

D. Carlos PrietoLage, titor de 3º de Educación Primaria.

-Persoal docente que auxiliará a esta comisión:

D. Silvia Fernández Kraemer, titora de 3º e 4º curso de EP.

Dna. Mª José Outeiral Rey, mestra de Educación Infantil.

-Responsable da aplicación, corrección e carga de datos das probas:

Dna. Adoración Santos González, mestra de Lingua estranxeira, Competencia na Comunicación Lingüística.

Dna. Laura Vidal Paz, Competencia Matemática.

6.2. ACCIÓNS DE MELLORA DERIVADAS DA ANÁLISE DE RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS

No curso **2022-2023 non se realizaron**.

6.3. GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA, ELABORADA A PARTIR DA ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS NAS MESMAS

Propostas de Mellora:

- Na Competencia en comunicación lingüística.**



- Traballar a expresión oral a través de exposicións, descricións, debates, diálogos, argumentacións, narracións ... para dominar esta competencia primeiro e a continuación sexan capaces de plasmalo por escrito.

- Analizar textos: cal é o tema, idea principal e secundarias, partes: introdución, nó e desenlace ou conclusión, resumir, que personaxes interveñen, acontecementos máis importantes ...

- Expoñer oralmente diante dos compañeiros libros que previamente leron e contestar a preguntas que feitas polos iguais e polo mestre ou mestra.

- Mellorar a ortografía, aumentando a memoria visual e interiorizando os erros para non volver a cometelos

- Traballar a expresión escrita en todas as áreas curriculares para elaborar textos estruturados, con coherencia, conexión léxica e gramatical, empregando axeitadamente as normas gramaticais e presentando os escritos de maneira limpa, clara e ordenada.

- Aumentar o interese pola lectura.

- Sintetizar e interpretar a información obtida a través de textos, gráficos de barras, mapas conceptuais, ...

- Ampliar e empregar o vocabulario axeitado a cada contexto e situación.

b) **Competencia matemática.**

- Traballar as matemáticas a través das TIC.

- Potenciar o cálculo mental e a estimación de resultados en situación da vida diaria.

- Relacionar os aprendizaxes novos cos xa adquiridos.

- Comunicar coherentemente os resultados, acompañados de táboas, gráficos e texto.

- Relacionar datos entre si, e sacar conclusións.

**7. PLAN PROXECTA**

Concreción dos programas nos que se participa.

Plan Proxecta			
Descrición do programa	"Programa de subministro de froita " (FOGGA)		
Obxectivos	Distribución de froitas frescas, castañas e leite líquida ao alumnado de centros escolares da Comunidade Autónoma de Galicia.		
Cursos implicados	Todas as etapas educativas		
Temporalización	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Promover hábitos saudables		
Responsables	Titores e Equipo Directivo		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> -Colócase unha gran mesa coa exposición e degustación das froitas frescas para fomentar o consumo destes produtos -Coñecer as propiedades, calidades e beneficios dos alimentos. -Aumentar o consumo de produtos alimenticios recomendables para a saúde e o benestar. -Valorar positivamente a toma de decisións informada na selección de produtos alimenticios axeitados para garantir unha dieta equilibrada. 		
Plan Proxecta			
Descrición do programa	"Programa de subministro de leite na escola " (FOGGA)		
Obxectivos	Traballar a alimentación saudable de xeito integral, coma no consumo de leite.		
Cursos implicados	Todas as etapas educativas		
Temporalización	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Promover hábitos saudables		
Responsables	Titores e Equipo Directivo		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> -Colócase unha gran mesa coa exposición e degustación das froitas frescas para fomentar o consumo destes produtos -Coñecer as propiedades, calidades e beneficios dos alimentos. -Aumentar o consumo de produtos alimenticios recomendables para a saúde e o benestar. -Valorar positivamente a toma de decisións informada na selección de produtos alimenticios axeitados para garantir unha dieta equilibrada. 		



8. PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO

Liña de actuación: PROA			
Descrición do programa	Para lograr a equidade e a excelencia na educación, deben desenvolver as capacidades de todo o alumnado conforme as súas posibilidades e circunstancias e, para iso, teñen que organizarse de xeito diferenciado, planificando os seus recursos e desenvolvendo as actuacións necesarias para o logro duns obxectivos concretos nun período de tempo determinado.		
Obxectivos	Mellorar as competencias en competencias lingüísticas e matemáticas		
Cursos implicados	3º, 4º, 5º e 6º de EP		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Necesidades educativas e de apoio dunha mestra ou mestre de PT nos cursos implicados.		
Responsables	Profesorado externo ao centro e Coordinadora do Programa .		
Actividades	Dentro do horario escolar		

Liña de actuación: CINNOVA E CINCLUE			
Descrición do programa	Para lograr a equidade na educación, e desenvolver as capacidades de todo o alumnado conforme as súas posibilidades e circunstancias para acadar unha educación de calidade.		
Obxectivos			
Cursos implicados	Educación Infantil e Educación Primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Realizar aprendizaxes relacionados con la inclusión e a convivencia na escola.		
Responsables	Profesorado do centro e Coordinadora do Programa .		
Actividades	Dentro do horario escolar		

9. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Plan Director de Convivencia	
Descrición do programa	O Plan está impulsado desde Delegación do Goberno en Galicia e a Alta Inspección de Educación, nos ofrece charlas impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e dirixidas ao



	conxunto da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias).		
Obxectivos	recibir charlas informativas/formativas sobre temáticas como: acoso escolar, drogas e alcol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís, etc		
Cursos implicados	Charla: 5º e 6º de EP Exhibición no colexio: Todo o alumnado		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Importancia de explicar nestas idades estes temas.		
Responsables	Titores e poñente da Policía Nacional		
Actividades	Neste curso a charla solicitada é sobre ciberacoso.		
Plan Revitaliza			
Descrición do programa	A través de diversas charlas e obradoiros saber como funciona un composteiro para usalo no noso horto ecolóxico.		
Obxectivos	Concienciar ao noso alumnado da importancia de xerar a nosa propia compostaxe.		
Cursos implicados	Todo o alumnado do Centro		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Crear compós para usar na horta		
Responsables	Titores e persoal do Plan para impartir charlas		
Actividades	Charlas sobre reciclaxe e compós. Reciclar nas aulas (plástico e cartón) e reciclaxe de restos orgánico. Usar o compós no horto. Coidado e mantemento da horta. Sementar no viveiro. Plantar as plantas aromáticas no xardín vertical.		
Proxecto Club de ciencia			
Descrición do programa	É un programa de educación científica para acerca-la, a través de experimentos científicos, ao alumnado de Primaria.		
Obxectivos	Motivar e ilusionar ao alumnado coa área de ciencias da natureza.		
Cursos implicados	5º e 6º de EP		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aprender ciencia a través da experimentación.		
Responsables	A mestra de ciencias da natureza.		
Actividades	-Patrulla de recollida de lixo (monte e praias), coidado do horto, reciclaxe do lixo do colexio, crear obxectos e materiais con produtos reciclados, ..		

10. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP DE ARDÁN
www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/

Casás - Ardán s/nº
Tel. 886 151 331/886 151 332
Fax 886 151 333
ceip.ardan@edu.xunta.gal

- Poderán as Administracións educativas, no marco das súas competencias, elaborar e realizar plans de avaliación dos centros educativos, que terán en conta as situacións socioeconómicas e culturais das familias e alumnos que acollen, o entorno do propio centro e os recursos de que dispón.
- As Administracións educativas apoiarán e facilitarán a autoavaliación dos centros educativos.
- A dirección deste Centro velará polo cumprimento da Programación Xeral Anual.
- O Consello Escolar avaliará o grao de cumprimento desta, establecendo, se é o caso, as medidas correctoras oportunas, respectando en todo caso, os aspectos docentes que corresponden ao claustro.
- O Proxecto Educativo de Centro, así como as progresivas modificacións que se fagan del, será avaliado polo Consello Escolar.
- O grao de cumprimento e desenvolvemento do Proxecto Curricular de Centro será revisado ao longo dos tres trimestres do curso pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- A Programación de Actividades e Tarefas (PAT) será supervisada pola Xefa de Estudos (Directora).
- O traballo dos distintos Equipos de Ciclo será supervisado pola Xefa de Estudos (Directora).
- A Comisión de Coordinación Pedagóxica actuará baixo a dependencia directa da directora.
- Os traballos do Equipo de Dinamización da Lingua Galega serán supervisados pola directora.
- O Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares será incluído na Programación Xeral Anual e supervisado ao longo do curso polo Consello Escolar.
- A avaliación en Educación Infantil terá como referencia o establecido na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 25 de xuño de 2009, e, na Programación Xeral Anual [Páxina 119 de 119](#) [CEIP ARDÁN](#)



Educación Primaria, o Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o Currículo da educación primaria, e aterase ao establecido no Proxecto Curricular de Centro.

-A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais realizarase de acordo co disposto pola Orde da Consellería de Educación e O.U. do 6 de outubro de 1995, que regula as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral e tomará como referencia os obxectivos e contidos establecidos con carácter xeral no currículo oficial.

-Os datos para unha autoavaliación interna sacaranse destes ámbitos:

- ✓ Do seguimento da PXA.
- ✓ Resultados das avaliacións trimestrais e das individualizadas e finais do alumnado de 3º e 6º curso respectivamente.
- ✓ Acordos resultantes da comunicación continua co centro ao que estamos adscritos IES Chan do Monte e co IES Illa de Ons de Bueu, no que tamén se escolariza parte do noso alumnado.
- ✓ Memoria anual.
- ✓ Recollida de datos de opinión: a man alzada ou mediante enquisas de opinión, suxestións, queixas e reclamacións.

-Para a avaliación da práctica docente tomaranse como referencia os criterios reflectidos no Proxecto Curricular de Centro. Entre os aspectos máis salientables podemos sinalar os seguintes:

- ✓ coñecemento do curso e as áreas que imparte.
- ✓ A conveniente actualización e posta ao día, tanto científica coma metodolóxica.
- ✓ As estratexias empregadas para conseguir un clima de aula que desenvolva a cooperación e a aprendizaxe, con atención ás diferenzas individuais.
- ✓ A adecuación do currículo desenvolvido, no que fai referencia á secuenciación dos obxectivos e contidos, ao deseño e selección das



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP DE ARDÁN
www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/

Casás - Ardán s/nº
Tel. 886 151 331/886 151 332
Fax 886 151 333
ceip.ardan@edu.xunta.gal

actividades de aprendizaxe; así como a validez da metodoloxía empregada.

- ✓ As oportunidades de autoavaliación para os escolares.
- ✓ As oportunidades de autoavaliación para o profesorado.

- ✓ A adecuación dos materiais empregados.
- ✓ nivel de interacción cos/coas alumnos/as e entre os/as alumnos/as.
- ✓ A organización da aula e o aproveitamento dos recursos dispoñibles.
- ✓ A regularidade e calidade de relación cos/coas pais/nais e a Comunidade Educativa.
- ✓ seu grao de satisfacción.

DATAS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO:

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
19/12/2023	19/03/2024	25/06/2023

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. A decisión sobre a promoción, segundo establece a *Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, realízase nos cursos de 2º, 4º e 6º de Educación Primaria e só poderá acontecer unha vez en toda a etapa.

As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao Programación Xeral Anual [Páxina 121 de 119](#) CEIP ARDÁN



grao de adquisición das competencias correspondentes. As diferentes programacións de cada curso afondarán nos instrumentos de avaliación empregados para acadar estas cualificacións. A familia (nais, pais ou persoas legais) deberá estar informada desta posibilidade, cando menos, con 1 mes de antelación. Ademais, deberá ser oída antes de tomar a decisión.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna. De decidir a non promoción do alumnado, o equipo docente verase na obriga de elaborar un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, ese alumno ou esa alumna poida alcanzar o grao de adquisicións das competencias correspondentes. As familias serán informadas trimestralmente do desenvolvemento deste plan.

Ao remate do segundo e cuarto curso, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Ademais, ao finalizar a etapa, cada alumno ou alumna recibirá un informe elaborado pola persoa titora ou titor que reflecta a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de haber medidas de reforzo adoptadas e/ou adaptacións para alumnado con estas necesidades, tamén se fará constar.

Criterios para a concesión da mención honorífica

Os centros docentes poderán propoñer o outorgamento dunha Mención Honorífica aos alumnos e ás alumnas que obtiveran Sobresaliente en, polo menos o 80% das áreas e das competencias ao rematar educación primaria, é dicir, que demostren un rendemento académico excelente, interpretado este, ademais, como un alto grao de adquisición das diferentes competencias e obxectivos desa etapa.

Ardán, 17 de outubro de 2023



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP DE ARDÁN
www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/

Casás - Ardán s/nº
Tel. 886 151 331/886 151 332
Fax 886 151 333
ceip.ardan@edu.xunta.gal

A DIRECTORA



Asdo. María Carballeira Seoane



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP DE ARDÁN
www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/

Casás - Ardán s/nº
Tel. 886 151 331/886 151 332
Fax 886 151 333
ceip.ardan@edu.xunta.gal

ANEXOS

HORARIO ESPECIALISTA AL E PT
ALUMNADO CON NEAE
PLAN DE MELLORA PROA+